PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 79
8 de marzo de 2017

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

5850 (10/PPLC-000003)
Grupo Parlamentario de En Marea
Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura 17311

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

6054 (10/PNP-000521)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 13 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga 17317

5655 (10/PNP-000478)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa convocatoria de prazas anunciada no ensino público de Galicia para o ano 2017 17321

5667 (10/PNP-000479)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos 17324

5673 (10/PNP-000480)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica 17328

5676 (10/PNP-000481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017 17330

5682 (10/PNP-000482)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a procura da eficiencia enerxética en todos os equipamentos da Rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia 17333

5684 (10/PNP-000483)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de achegar aos agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral a información máis completa posible respecto do Programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020 17335

5688 (10/PNP-000484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica 17338

5691 (10/PNP-000485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para a mellora da xestión polo Igape dos instrumentos de apoio financeiro 17347

5707 (10/PNP-000486)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego do financiamento destinado á adquisición de medios materiais para os policías locais de Galicia 17352

5713 (10/PNP-000487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela 17354

5717 (10/PNP-000488)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas condicións laborais, profesionais e de exercicio dos seus dereitos dos membros do corpo da Garda Civil 17359

5726 (10/PNP-000489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos medios persoais dos corpos da Garda Civil, Policía Nacional e Policía Adscrita nun total de, como mínimo, 2.000 novas prazas para solucionar os problemas de seguridade existentes en Galicia 17362

5739 (10/PNP-000490)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da aplicación do IVE reducido a todos os alimentos e produtos dietéticos destinados ás persoas con enfermidade celíaca e erros innatos do metabolismo 17365

5741 (10/PNP-000491)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio do Interior en relación co uso do chaleco antibalas polos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como a dotación das mulleres policías dun específico 17368

5776 (10/PNP-000492)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes 17371

5793 (10/PNP-000493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado, de acordo co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, así como a dotación do financiamento necesario para a súa execución 17374

5800 (10/PNP-000494)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa integración no eido laboral das persoas con discapacidade 17377

5812 (10/PNP-000495)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación dos datos das listas de espera do Sergas 17381

5818 (10/PNP-000496)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública 17383

5844 (10/PNP-000498)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro 17387

5848 (10/PNP-000499)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, xunto coa Deputación Provincial de Lugo e os concellos correspondentes, para garantir a conservación, a recuperación e posta en valor das torres de Torés e de Doncos, nas Nogais, a de Caldaloba, en Cospeito, e a do Batallón, en Sarria, así como o Castelo de Doiras, en Cervantes, o Castelo de Navia de Suarna, a Torre de Taboi, en Outeiro de Rei, e a Torre de Arcos, en Chantada 17390

5852 (10/PNP-000500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as dificultades existentes para realizar visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás 17397

5858 (10/PNP-000501)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia 17400

5864 (10/PNP-000502)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario plurianual de incorporación dos titulados MIR ao Sergas para o período 2017-2020 mediante a convocatoria pública de prazas estables 17402

5870 (10/PNP-000503)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reducir a concentración de gas radón nas vivendas 17404

5876 (10/PNP-000504)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co programa *Vacacións en paz*, de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de xullo e agosto 17408

5888 (10/PNP-000505)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión mineira outorgada a Erimsa, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de novembro de 2006 17411

5894 (10/PNP-000506)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora dos accesos e posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos, así como coa demanda ao Goberno central da mellora da liña ferroviaria de mercadorías Monforte-Ponferrada-León e Palencia, e a execución da autovía A-76, Ponferrada-Ourense, unindo as cidades de Ponferrada e Ourense a través do Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos 17414

5896 (10/PNP-000507)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación polos concellos da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa atención das reclamacións dos contribuíntes 17417

5949 (10/PNP-000508)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia 17420

5951 (10/PNP-000509)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo para o establecemento de axudas económicas destinadas aos mariscadores afectados polos sucesivos peches obrigatorios da ría de Corcubión, así como a investigación da reiterada presenza de hidrocarburos nela 17423

5958 (10/PNP-000510)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral da realización dun informe da situación na que se atopan as instalacións da planta de Sogama en Cerceda e o vertedoiro de Areosa, o impulso da posta en marcha da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral, así como o incremento do orzamento destinado á prevención de riscos laborais 17425

5971 (10/PNP-000511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia no ano 2017 da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e as actuacións que debe levar a cabo para fomentar o seu emprego e garantirlle o acceso a unha vivenda digna 17428

5984 (10/PNP-000512)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos traballadores expostos ao amianto na súa vida laboral, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para o recoñecemento da enfermidade profesional do mesotelioma como invalidante 17431

5990 (10/PNP-000514)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe 17434

5991 (10/PNP-000515)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o arranxo polo Goberno galego, de xeito definitivo no primeiro trimestre de 2017, dos problemas existentes nos órganos xudiciais de Galicia coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos 17436

5998 (10/PNP-000516)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, para garantir a seguridade no tratamento dos documentos 17438

6006 (10/PNP-000517)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ambientais producidos na parcela denominada O Con do Paxaro, no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308, desde a rotonda de acceso á vía do Salnés ata o lugar de Soutullo 17440

6012 (10/PNP-000518)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel, e Villares Naveira, Luis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia contra a pobreza laboral, consensuada cos empresarios e sindicatos, que remova as súas causas 17443

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

6050 (10/CPC-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega 17447

6092 (10/CPC-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxia de Galicia no ano 2017 17448

1.4.3. Interpelacións

5656 (10/INT-000224)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público de Galicia 17449

5674 (10/INT-000225)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego para a mellora da contratación pública autonómica 17451

5703 (10/INT-000226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a falta de efectivos da Policía Nacional en Galicia 17454

5709 (10/INT-000227)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posibilidade de mancomunar servizos nas policías locais en Galicia e o incremento do financiamento achegado para a adquisición de medios materiais 17456

5719 (10/INT-000228)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a situación da Garda Civil en Galicia 17458

5728 (10/INT-000229)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a situación dos corpos de seguridade en Galicia 17460

5795 (10/INT-000230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de accesibilidade 17463

5814 (10/INT-000231)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o sistema de programación de citas do Sergas 17466

5820 (10/INT-000232)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de persoal na sanidade pública 17468

5860 (10/INT-000233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a prestación de servizos relixiosos no Sistema público de saúde de Galicia 17471

5866 (10/INT-000234)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a planificación da incorporación ao mercado laboral dos titulados MIR formados en Galicia 17473

5872 (10/INT-000235)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego para evitar os riscos para a saúde derivados do gas radón 17476

5878 (10/INT-000236)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co acollemento de nenos saharahuís durante as vacacións de verán 17480

5882 (10/INT-000237)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración da Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050 17483

5960 (10/INT-000238)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política de seguridade laboral no tratamento de resíduos 17486

5973 (10/INT-000239)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e a política do Goberno galego para mellorar a súa situación 17489

5980 (10/INT-000240)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa aplicación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana 17493

5993 (10/INT-000241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos problemas derivados do uso de medios informáticos e tecnolóxicos polos órganos xudiciais 17496

6000 (10/INT-000242)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa modernización dos arquivos xudiciais 17498

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 5850 (10/PPLC-000003)
Grupo Parlamentario de En Marea
Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de marzo de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 6054 (10/PNP-000521)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 13 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga

Admisión a trámite e publicación

- 5655 (10/PNP-000478)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa convocatoria de prazas anunciada no ensino público de Galicia para o ano 2017

- 5667 (10/PNP-000479)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos

- 5673 (10/PNP-000480)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica

- 5676 (10/PNP-000481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017

- 5682 (10/PNP-000482)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a procura da eficiencia enerxética en todos os equipamentos da Rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia

- 5684 (10/PNP-000483)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de achegar aos agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral a información máis completa posible respecto do Programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020

- 5688 (10/PNP-000484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica

- 5691 (10/PNP-000485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para a mellora da xestión polo Igape dos instrumentos de apoio financeiro

- 5707 (10/PNP-000486)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego do financiamento destinado á adquisición de medios materiais para os policías locais de Galicia

- 5713 (10/PNP-000487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela

- 5717 (10/PNP-000488)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas condicións laborais, profesionais e de exercicio dos seus dereitos dos membros do corpo da Garda Civil

- 5726 (10/PNP-000489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos medios persoais dos corpos da Garda Civil, Policía Nacional e Policía Adscrita nun total de, como mínimo, 2.000 novas prazas para solucionar os problemas de seguridade existentes en Galicia

- 5739 (10/PNP-000490)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da aplicación do IVE reducido a todos os alimentos e produtos dietéticos destinados ás persoas con enfermidade celíaca e erros innatos do metabolismo

- 5741 (10/PNP-000491)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio do Interior en relación co uso do chaleco antibalas polos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como a dotación das mulleres policías dun específico

- 5776 (10/PNP-000492)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes

- 5793 (10/PNP-000493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado, de acordo co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, así como a dotación do financiamento necesario para a súa execución

- 5800 (10/PNP-000494)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa integración no eido laboral das persoas con discapacidade

- 5812 (10/PNP-000495)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación dos datos das listas de espera do Sergas

- 5818 (10/PNP-000496)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública

- 5844 (10/PNP-000498)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro

- 5848 (10/PNP-000499)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, xunto coa Deputación Provincial de Lugo e os concellos correspondentes, para garantir a conservación, a recuperación e posta en valor das torres de Torés e de Doncos, nas Nogais, a de Caldaloba, en Cospeito, e a do Batallón, en Sarria, así como o Castelo de Doiras, en Cervantes, o Castelo de Navia de Suarna, a Torre de Taboi, en Outeiro de Rei, e a Torre de Arcos, en Chantada

- 5852 (10/PNP-000500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as dificultades existentes para realizar visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás

- 5858 (10/PNP-000501)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia

- 5864 (10/PNP-000502)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario plurianual de incorporación dos titulados MIR ao Sergas para o período 2017-2020 mediante a convocatoria pública de prazas estables

- 5870 (10/PNP-000503)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reducir a concentración de gas radón nas vivendas

- 5876 (10/PNP-000504)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co programa *Vacacións en paz*, de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de xullo e agosto

- 5888 (10/PNP-000505)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión mineira outorgada a Erimsa, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de novembro de 2006

- 5894 (10/PNP-000506)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora dos accesos e posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos, así como coa demanda ao Goberno central da mellora da liña ferroviaria de mercadorías Monforte-Ponferrada-León e Palencia, e a execución da autovía A-76, Ponferrada-Ourense, unindo as cidades de Ponferrada e Ourense a través do Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos

- 5896 (10/PNP-000507)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación polos concellos da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa atención das reclamacións dos contribuíntes

- 5949 (10/PNP-000508)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

- 5951 (10/PNP-000509)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo para o establecemento de axudas económicas destinadas aos mariscadores afectados polos sucesivos peches obrigatorios da ría de Corcubión, así como a investigación da reiterada presenza de hidrocarburos nela

- 5958 (10/PNP-000510)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral da realización dun informe da situación na que se atopan as instalacións da planta de Sogama en Cerceda e o vertedoiro de Areosa, o impulso da posta en marcha da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral, así como o incremento do orzamento destinado á prevención de riscos laborais

- 5971 (10/PNP-000511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia no ano 2017 da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e as actuacións que debe levar a cabo para fomentar o seu emprego e garantirlle o acceso a unha vivenda digna

- 5984 (10/PNP-000512)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos traballadores expostos ao amianto na súa vida laboral, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para o recoñecemento da enfermidade profesional do mesotelioma como invalidante

- 5990 (10/PNP-000514)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe

- 5991 (10/PNP-000515)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o arranxo polo Goberno galego, de xeito definitivo no primeiro trimestre de 2017, dos problemas existentes nos órganos xudiciais de Galicia coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos

- 5998 (10/PNP-000516)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, para garantir a seguridade no tratamento dos documentos

- 6006 (10/PNP-000517)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ambientais producidos na parcela denominada O Con do Paxaro, no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308, desde a rotonda de acceso á vía do Salnés ata o lugar de Soutullo

- 6012 (10/PNP-000518)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel, e Villares Naveira, Luis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia contra a pobreza laboral, consensuada cos empresarios e sindicatos, que remova as súas causas

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 6050 (10/CPC-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 6092 (10/CPC-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxia de Galicia no ano 2017
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 5656 (10/INT-000224)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público de Galicia

- 5674 (10/INT-000225)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego para a mellora da contratación pública autonómica

- 5703 (10/INT-000226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a falta de efectivos da Policía Nacional en Galicia

- 5709 (10/INT-000227)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posibilidade de mancomunar servizos nas policías locais en Galicia e o incremento do financiamento achegado para a adquisición de medios materiais

- 5719 (10/INT-000228)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a situación da Garda Civil en Galicia

- 5728 (10/INT-000229)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a situación dos corpos de seguridade en Galicia

- 5795 (10/INT-000230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de accesibilidade

- 5814 (10/INT-000231)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o sistema de programación de citas do Sergas

- 5820 (10/INT-000232)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de persoal na sanidade pública

- 5860 (10/INT-000233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a prestación de servizos relixiosos no Sistema público de saúde de Galicia

- 5866 (10/INT-000234)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a planificación da incorporación ao mercado laboral dos titulados MIR formados en Galicia

- 5872 (10/INT-000235)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego para evitar os riscos para a saúde derivados do gas radón

- 5878 (10/INT-000236)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co acollemento de nenos saharahuís durante as vacacións de verán

- 5882 (10/INT-000237)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración da Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050

- 5960 (10/INT-000238)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política de seguridade laboral no tratamento de resíduos

- 5973 (10/INT-000239)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e a política do Goberno galego para mellorar a súa situación

- 5980 (10/INT-000240)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa aplicación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

- 5993 (10/INT-000241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos problemas derivados do uso de medios informáticos e tecnolóxicos polos órganos xudiciais

- 6000 (10/INT-000242)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa modernización dos arquivos xudiciais

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:35
Nº Rexistro: 5850
Data envío: 01/03/2017 12:35:10.247

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 163 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte PROPOSICIÓN DE LEI, para remitir ao Congreso dos Deputados, DE MODIFICACIÓN DA Lei 52/2007, de 26 de decembro, por la que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

ANTECEDENTES:

- Lei 52/2007 , de 26 de decembro, por la que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

- Decreto 299/2008, de 30 de decembro, polo que se declaran Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A entrega do Pazo de Meirás, Sada, A Coruña, ao ditador Franco, por parte da "Junta pro Pazo del Caudillo", foi un espolio organizado por autoridades e membros significados do bando franquista que, en moitos casos, forzaron a veciñas e veciños a aportar diñeiro e terras para que o ditador disfrutase da propiedade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:35
Nº Rexistro: 5850
Data envio: 01/03/2017 12:35:10.247

O Pazo de Meirás era propiedade dos herdeiros da Condesa de Pardo Bazán que doan o Pazo á "Compañía de Jesús" cunha serie de condicións que non son aceptadas por estes.

É daquela cando determinadas personalidades do bando franquista deciden agasallar ao ditador coa propiedade á costa dos coruñeses e coruñesas e con máis intensidade da veciñanza de Meirás.

A "Junta Provincial Pro-Pazo del Caudillo" encargouse de recadar 2 millóns de pesetas da época para agasallar ao Caudillo en plena Guerra Civil, unha residencia para as súas vacacións. Emitíronse bonos de "contribución voluntaria" e efectuáronse descontos nas nóminas do funcionariado do Concello da Coruña e da Deputación. Ademais, obrigaron a todos os concellos da provincia a achegaren unha porcentaxe (1,2 millóns de pesetas) pola recadación do imposto da contribución.

O roubo continuou e a extensión do pazo foi ampliada até 10 hectáreas a través da expropiacións sen ningunha garantía legal e utilizando todo tipo de ameazas e coaccións sobre as familias propietarias.

Por outra banda, desapareceron moitos obxectos que había no pazo cando se mercou en 1938, queimáronse libros da biblioteca de Pardo Bazán e durante anos realizouse un auténtico espolio do patrimonio público, levándose ao pazo numerosos obxectos do pazo de Bendaña no concello de Dodro; unha pía bautismal do mosteiro de Moraime de Muxía, escultura do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago etc.

A moitos labregos de Meirás seríanlles expropiadas as terras, que posuían en propiedade, para seren engadidas aos terreos do Pazo de Meirás.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:35
Nº Rexistro: 5850
Data envío: 01/03/2017 12:35:10.247

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica exerceu durante anos a constante reivindicación da imprescindible devolución do Pazo de Meirás ao pobo galego.

A súa loita, a da sociedade civil e organizacións políticas, foi conquerindo avances e o Pazo de Meirás foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2008, a pesar da oposición dos herdeiros da familia Franco. Este feito obrigaba aos propietarios para abrir ao público o inmoble, polo menos, 4 días ao mes. A familia do ditador opúxose a esta apertura en numerosas ocasiones pero a xustiza rexeitou os seus argumentos. No ano 2010 o Tribunal Supremo confirmou a clasificación outorgada pola Xunta de Galicia ao Pazo de Meirás, a de Ben de Interese Cultural. O 25 de marzo de 2011 as portas do emblemático inmoble abríronse por primeira vez ao público e, dende entón, son numerosos os incumprimentos e atrancos que os herdeiros de Franco teñen posto ao que dispón a legalidade vixente derivada da condición do BIC do Pazo, cuestión que nunca aceptaron.

A propiedade e disfrute do Pazo pola familia Franco é ilexítima e é unha ofensa para galegos e galegas, e supón un vestixio máis dos privilexios obtidos polo abuso da forza.

Compre reparar a honra e a dignidade das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo o risco de represalias por parte dunhas autoridades que non dubidaban en utilizar a violencia máis extrema.

Numerosas persoas e colectivos levan anos pelexando en Galiza para a recuperación do Pazo de Meirás para o pobo galego.

A Lei 52/2007, da Memoria Histórica, ten como obxectivos, expresados no Artigo 1º “reconocer y ampliar derechos a favor de quienes padecieron persecución o violencia, por razones políticas, ideológicas, o de creencia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:35
Nº Rexistro: 5850
Data envío: 01/03/2017 12:35:10.247

religiosa, durante la Guerra Civil y la Dictadura, promover su reparación moral y la recuperación de su memoria personal y familiar, y adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre los ciudadanos, todo ello con el fin de fomentar la cohesión y solidaridad entre las diversas generaciones de españoles en torno a los principios, valores y libertades constitucionales."

Recoñécese nesta Lei o dereito á reparación dos efectos derivados de resolucións ditadas por organismos ilexítimos.

A reparación neste caso, seguindo o espírito e os obxectivos da Lei 52/2007 da Memoria Histórica, pasa porque a propiedade do Pazo de Meirás pase a ser parte do Patrimonio das administracións públicas, e pasa pola compensación ás persoas e descendentes que foron forzados a ceder as súas propiedades ou foron coaccionados para realizar doazóns.

Por todo o exposto, proponse o acordo do Parlamento de Galicia ao amparo do apartado f) do artigo 10.1 do Estatuto de Autonomía e artigo 87.2 da Constitución, así coma do artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galicia, para a remisión dunha Proposición de Lei dunha Comunidade Autónoma, ao Congreso dos Deputados, nos seguintes termos:

A Proposición de lei para a transferencia do Pazo de Meirás consta dun Artigo que engade unha disposición adicional á Lei 52/2007, co obxecto de conquerir o traspaso da propiedade á Xunta de Galicia e unha Disposición Derradeira.

-Artigo único.- De modificación da Lei 52/2007, de 26 de decembro, por la que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:35
Nº Rexistro: 5850
Data envío: 01/03/2017 12:35:10.247

-Disposición adicional novena

- 1. Na consideración da ilicitude orixinaria que deu lugar á detentación pola familia do ditador Francisco Franco do Pazo e fincas de Meirás, as Administracións públicas competentes procederán, no prazo máximo de seis meses, á incoación das actuacións necesarias para a súa devolución ao sector público, coa debida compensación ás persoas e familias vítimas do espolio.

2. Aos efectos do sinalado no apartado anterior constituirase unha comisión, composta por representación do Estado, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Sada para a tramitación coordenada e interadministrativa da presente disposición adicional.

3. Unha vez extinguida a titularidade detentada pola familia do ditador a propiedade será transmitida a un ente público consorcial das administracións públicas para a súa posta en valor como sistema dotacional público e de espazos libres, con especial destino á recuperación da memoria histórica.

-Disposición derradeira única

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 01/03/2017 12:33:17

Antón Sánchez García na data 01/03/2017 12:33:26

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2017 12:33:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2017 12:33:42

Luca Chao Pérez na data 01/03/2017 12:33:51

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2017 12:33:57

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2017 12:34:00

Eva Solla Fernández na data 01/03/2017 12:34:04

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2017 12:34:07

Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2017 12:34:11

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2017 12:34:14

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2017 12:34:18

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2017 12:34:21

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2017 12:34:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 6054
Data envío: 03/03/2017 13:25:29.484

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira** , **Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo** e **Miguel Tellado Filgueira,** ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo tramite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

No ano 2010, o Parlamento de Galicia aprobou, trala súa remisión como proxecto por parte da Xunta, a Lei 9/2010 de augas de Galicia.

Esta Lei ten como obxectivos fundamentais a ordenación das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas; a ordenación do ciclo integral da auga de uso urbano e o establecemento das bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración así como o establecemento do réxime económico-financeiro da auga en Galicia co obxectivo de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico.

A Lei ordena a determinación do reparto competencial entre as administracións autonómica e local establecendo un marco normativo, respectando á lexislación básica en materia de réxime local e o principio de autonomía local, que regula o importante

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

papel que a administración autonómica desenvolve nesta materia dende xa fai décadas.

Os distintos regulamentos de desenvolvemento da Lei de Augas fixeron fincapé nesa colaboración e coordinación entre Xunta e concellos En particular, así foi reflectido no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia e no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

Tamén no 2013, asinouse un Protocolo de Colaboración e Desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga, en desenvolvemento do cal creouse unha Comisión Institucional de seguimento que.avanzou nos traballos para a consecución das medidas e obxectivos fixados neste protocolo e impulsou a realización de xornadas e cursos para a formación dos técnicos municipais en materia de xestión de infraestruturas hidráulicas, conseguindo que o Pacto sexa tamén unha ferramenta de comunicación, un espazo para o traballo colaborativo e o diálogo, que serve para a reflexión e a análise que tan imprescindible é para o avance nunha materia tan complexa como esta da que tratamos.

Porén, có comezo desta nova lexislatura, a Conselleira do Medio Ambiente e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias teñen amosado a súa vontade de avanzar no desenvolvemento das medidas prioritarias incluídas neste pacto.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A este compromiso entre administracións, o Grupo Parlamentario Popular considera que é fundamental que se una un acordo político que reforce e dea soporte e impulso á negociación entre estas entidades para dar prioridade á atención á política de xestión da auga.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar prioridade á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias co obxecto de acordar, no próximo ano, e en desenvolvemento dos obxectivos do Protocolo de Colaboración e Desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga os seguintes obxectivos:

- A determinación duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas.
- O establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia".

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/03/2017 13:22:30

Gonzalo Trenor López na data 03/03/2017 13:22:43

Martín Fernández Prado na data 03/03/2017 13:22:51

Jaime Castiñeira Broz na data 03/03/2017 13:23:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Marta Novoa Iglesias na data 03/03/2017 13:23:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/03/2017 13:23:15

Diego Calvo Pouso na data 03/03/2017 13:23:25

María Julia Rodriguez Barreira na data 03/03/2017 13:23:34

Antonio Mouriño Villar na data 03/03/2017 13:23:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/03/2017 13:23:51

Maria Antón Vilasánchez na data 03/03/2017 13:23:59

Raquel Arias Rodríguez na data 03/03/2017 13:24:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/03/2017 13:24:15

Moisés Blanco Paradelo na data 03/03/2017 13:24:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/03/2017 13:24:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 10:34
Nº Rexistro: 5655
Data envío: 24/02/2017 10:34:21.013

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** sobre a convocatoria de oposicións no ensino público no presente ano 2017.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos públicos galegos acumulan dúas lexislaturas de recortes brutais, especialmente intensos no que atinxe ó ensino público, que foi a área máis prexudicada polos recortes de persoal da Xunta durante a crise-estafa, chegando a perder 1200 efectivos entre o 2009 e o 2016, segundo datos do Ministerio de Facenda.

Xunto co discurso da recuperación viñeron anuncios de convocatorias públicas de emprego, así foi no ano pasado, que no presente, semella van quedar en meros anuncios propagandísticos.

E é que despois de anuncios reiterados por parte do Presidente da Xunta e da Consellería dunha oferta de aproximadamente mil prazas no ensino público para vinte cinco especialidades, milleiros de opositores e opositoras no país ven con incerteza como o Goberno do Estado decide tomalos de reféns dunha negociación política para aprobar os orzamentos xerais do Estado.

Tendo en conta as previsións de negociación orzamentaria e o calendario escolar, ofertar postos de profesorado pasado xuño fai case imposible que os docentes estean nas súas prazas en setembro polo que entraríamos nun curso máis sen a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 10:34
Nº Rexistro: 5655
Data envío: 24/02/2017 10:34:21.013

cobertura de prazas nin a estabilización necesaria do persoal interino que está xa no 12%, case tres veces máis que en 2009.

Deste xeito non só se está xogando coas expectativas laborais do persoal interino e opositores, senón que se menoscaba, unha vez máis, a calidade do ensino público.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno do Estado a tomar as medidas necesarias para garantir a convocatoria das prazas neste ano.
2. Informar, coa máxima brevidade posible, da previsión de data de convocatoria das oposicións para dar a certeza necesaria as miles de persoas que están a preparar esas probas.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/02/2017 10:31:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 10:34
Nº Rexistro: 5655
Data envío: 24/02/2017 10:34:21.013

GRUPO PARLAMENTAR en marea

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/02/2017 10:31:46

Luis Villares Naveira na data 24/02/2017 10:31:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 13:23
Nº Rexistro: 5667
Data envío: 24/02/2017 13:23:23.388

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O Tribunal Constitucional, mediante sentenza do pasado 16 de febreiro, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade exposta polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de Donostia en relación con varios artigos da Norma Foral 16/1989, do 5 de xullo, do IIVTNU do Territorio Histórico de Gipuzkoa. O Tribunal considera que o citado imposto é contrario ao principio de capacidade económica, previsto no art. 31.1 CE.

O feito impoñible do IIVTNU vén definido no art. 104.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais segundo o cal «O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten devanditos terreos e ponse de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.»

O art. 107 do TRLRHL estipula que a base impoñible do IIVTNU está constituída polo incremento de valor posto de manifesto na data de devengo e experimentado durante un período máximo de 20 anos, establecendo seguidamente unha serie de regras e operacións para a cuantificación da cota tributaria.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 13:23
Nº Rexistro: 5667
Data envío: 24/02/2017 13:23:23.388

Xa constando resolucións xudiciais de distintos Tribunais Superiores de Xustiza anulatorias de liquidacións do IIVTNU cando non había plusvalía real, é agora o Tribunal Constitucional o que confirma que non hai feito impoñible cando o suxeito pasivo poida acreditar a inexistencia de plusvalor na operación suxeita a dito imposto.

Se ben é certo que a dita STCo refírese a unha Norma Foral, a realidade é que o feito de que a redacción das normas cuestionadas polo TCo é a mesma que a contida no RDL 2/2004, é mais que previsible que o Tco manteña a mesma doutrina cando se pronuncie sobre as outras cuestións de inconstitucionalidade (pendentes de fallo), e que si se refiren á aplicación do RDL 2/2004. E

A crise económica converteu o que podía ser un efecto illado, a inexistencia de incrementos ou a xeración de decrementos, nun efecto habitual, ao que necesariamente a regulación normativa do imposto debe atender. Mandato ao lexislador de reforma do RDL 2/2004 que tamén se contén, implicitamente, na dita STCo.

Con independencia da debida cautela sobre os fallos posteriores do TCo respecto do RDL 2/2004, a realidade é a necesidade de modificar, á maior brevidade posible, as disposicións legais do RDL 2/2004, aos efectos de evitar tributar cando non existe feito impoñible de plusvalor, con independencia da potestade estatal e municipal para o reaxuste á baixa dos Valores Catastrais (art. 32 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, Lei do Catastro Inmobiliario).

Reforma do RDL 2/2004, de Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que debería incluír unha disposición transitoria aos efectos de compensar aos concellos pola devolución dos ingresos indebidos que poidan solicitar as persoas que abonaron dito imposto en ausencia real de base impoñible, así como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 13:23
Nº Rexistro: 5667
Data envio: 24/02/2017 13:23:23.388

pola propia devolución de oficio que deberían aplicar os Concellos, e que debería preverse na propia norma que aprobe o lexislador, recollendo a doutrina e o mandato do TCo.

Resultando evidente a existencia de responsabilidade do Estado lexislador, e ante a normativa restritiva actualmente vixente (art. 32 Lei 40/2015), procede que sexa o Estado quen asuma o custo económico de dita devolución de ingresos indebidos, con independencia da data das liquidacións, e compensando aos concellos polas devolucións de oficio ou pola estimación (xudicial ou administrativa) das pretensións de devolución formuladas polos suxeitos pasivos afectados.

Por todo ou exposto ou Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno español a que presente de inmediato unha iniciativa lexislativa de reforma do RDL 2/2004, de Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos efectos do seguinte :

a) Incluír as modificacións necesarias no réxime legal do IIVTNU que determinen a exclusión de feito impoñible no suposto de inexistencia real de incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

b) Incluír unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas, os concellos devolvan de oficio o liquidado e recadado indebidamente, e asumindo o Estado a responsabilidade de dita devolución, compensando economicamente aos Concellos por dito importe.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 13:23
Nº Rexistro: 5667
Data envio: 24/02/2017 13:23:23.388

2.- Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, presidencia do Congreso e Senado, así como aos grupos parlamentarios das Cortes.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/02/2017 13:20:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5673
Data envío: 24/02/2017 14:25:45.857

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Con data 15 de febreiro pasado houbo unha resposta da Xunta de Galicia á pregunta con resposta oral en Pleno núm. 902 do Grupo Parlamentario Popular, convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións, sobre "o estado de execución dos obxectivos reflectidos no Plan de mellora da contratación pública".

Nesta resposta afírmase que as medidas incluídas no dito plan están "practicamente finalizadas e se prevé que o seu total desenvolvemento se remate no ano 2017".

O eixo 5 deste plan recolle medidas específicas que pretenden impulsar a transparencia, a avaliación de resultados, a estandarización de procedementos e a adopción de boas prácticas no eido da contratación pública. Estas medidas refírense a un sistema de avaliación do seguimento das guías, a elaboración de modelos de pregos, instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos ou un novo decreto do Rexistro de Contratos, pero non recolle ningunha medida concreta de loita contra a fraude nas licitacións.

Por iso, en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude na contratación pública.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calcula que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que supera incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver totalmente os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5673
Data envío: 24/02/2017 14:25:45.857

producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Sendo, polo tanto, unha prioridade absoluta a loita contra as manipulacións nas licitacións públicas, que inundan medios de comunicacións e xulgados, a CNMC vén de aprobar unha Guía contra a fraude na licitación pública, ofrecendo aos poderes adxudicadores un decálogo de indicios de posible manipulación nas licitacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 10:47:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 10:47:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 10:47:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 10:47:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5676
Data envio: 24/02/2017 14:28:41.904

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As leis anuais de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio veñen establecendo, con carácter básico para as Comunidades Autónomas, taxas máximas de reposición de persoal ao servizo do Sector Público.

As políticas que vén desenvolvendo o PP desde 2012 a través das leis orzamentarias teñen afectado gravemente a todas as administracións públicas, incluídas as comunidades autónomas e concellos, que se viron durante varios anos na obriga de conxelar as súas ofertas de emprego público e, consecuentemente, a reposición de todo o persoal que se xubila ou causa baixa definitiva por outras razóns nos servizos públicos. Así, entre xullo de 2011 e xullo de 2016, perdéronse 167.280 empregos na Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais.

Segundo os datos da Comisión Europea de 2012, España sitúase entre os dez países da Unión Europea con menor gasto en emprego público sobre o PIB (43,4 %), fronte a un 49,9 % de media na eurozona, e a bastante distancia das grandes economías europeas, como Francia (56,6 %), Alemaña (45 %), Reino Unido (48.5 %) ou Italia (50,7 %). Non obstante, unha das primeiras medidas que adoptou o Partido Popular como obxectivo en 2012 foi reducir este gasto ata situalo no entorno do 38 % durante os seguintes exercicios.

A esta caída na reposición de empregados dos servizos público únese o envellecemento dos cadros de persoal, situándose nunha taxa do 25 % o conxunto estatal de funcionarios que superan os 50 anos.

Esta redución progresiva de emprego nos servizos afecta ao conxunto de institucións públicas, de forma especial aos servizos públicos básicos de xustiza, sanidade, ensino, forzas e corpos de seguridade ou servizos sociais, pero tamén a servizos burocráticos que como facenda, inspección de traballo, seguridade social ou emprego son soporte esencial dun Estado Social e Democrático de Dereito.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5676
Data envío: 24/02/2017 14:28:41.904

Analizando as taxas de reposición establecidas de 2007 a 2015, durante sete anos por cada dez funcionarios que causaron baixa definitiva só ten entrado a traballar na Administración un.

En Galicia, os datos de evolución do emprego público dependente do sector público autonómico responden a esta tendencia de redución do servizo público. Segundo os últimos datos publicados pola propia Consellería de Facenda, o total de efectivos no segundo semestre de 2015 ascende a 86.499, fronte a 89.299 do segundo semestre de 2008, o que supón unha caída constante do 3,14 % do cadro autonómico de persoal (2.800 empregados públicos menos). Nunha falta de aposta clara pola investigación e a retención e captación de talento, os datos INE 2010-2015 recollen unha redución de persoal de I+D en Galicia de 420 efectivos en centros de investigación dependentes da Administración e de nada menos que de 1075 nos centros de ensino superior. Para tratar de paliar esta perda de emprego estable nos servizos públicos, os niveles de temporalidade se teñen disparado, incrementándose nun 50 % de 2011 a 2015 ao pasar de 10.000 a 15.000 contratos temporais, sendo estes niveis especialmente preocupantes na sanidade e nos centros sociais.

O artigo 12 Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece que durante o ano 2017 só se poderá proceder no sector público autonómico á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular, no referente á taxa de reposición de efectivos.

O Grupo Parlamentario Socialista considera así da máxima urxencia tomar todas as medidas precisas que permitan recuperar as taxas de emprego público estable perdido e garantir a plena substitución dos empregados que se vaian xubilando ou causando baixa definitiva nos servizos públicos. Como dixemos, a estabilización e a óptima programación da reposición do emprego é garantía da calidade dos servizos públicos, asegura o correcto e normal funcionamento do noso Estado Social e Democrático de Dereito. Estamos diante un mandato constitucional.

Os datos de PIB de 2016 e as previsións de crecemento para 2017 han de permitir suprimir as taxas de reposición, posibilidade que vén anunciando tanto o Goberno central como o propio Sr. Núñez Feijoo, que ten anunciado unha posible oferta de 1.600 prazas sanitarias e preto de 1.000 no ámbito do ensino

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5676
Data envio: 24/02/2017 14:28:41.904

non universitario para a oferta de emprego de 2017, aínda que en recentes declaracións a está agora a condicionar, sen fundamento suficiente, á aprobación dos orzamentos do Estado e polo tanto ameazando con conxelar as exposicións.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Adoptar con urxencia todas as medidas necesarias que permitan aprobar e poñer en marcha a oferta de emprego público de 2017.

2ª) Dirixirse ao Goberno central para ditar cantas medidas urxentes e, se proceder, extraordinarias, sexan precisas co fin de que a oferta de emprego público non estea sometida a ningunha taxa de reposición de efectivos.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 14:06:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 14:06:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 14:06:27

Julio Torrado Quintela na data 24/02/2017 14:06:32

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/02/2017 14:06:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 14:06:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:57
Nº Rexistro: 5682
Data envio: 24/02/2017 16:57:29.210

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A hospitalidade é unha das características máis singulares do Camiño de Santiago e se a elo engadimos que tamén é unha característica do pobo galego temos como resultado que Galicia nos tramos de Camiño de Santiago que descorren pola Comunidade Autónoma exerce a hospitalidade a través da extensa rede de albergues públicos promovidos pola Xunta de Galicia.

Efectivamente, desde principios da década dos anos 90, a Xunta de Galicia, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, iniciou a rede de albergues dos Camiños de Santiago co claro obxectivo de servir de lugares de acollida aos peregrinos que realizan calquera das rutas xacobeas ao seu paso pola nosa Comunidade.

A infraestrutura da rede de albergues públicos está formada hoxe por 70 albergues que supoñen preto de 3000 prazas públicas para os peregrinos, con servizos de dormitorio, aseos, cociña, sala de estar, etc.

A rede está en continúa renovación, pois moitos destes equipamentos foron deseñados e/ou rehabilitados fai máis de 20 anos.

Estas adecuacións atinxen a diversas funcionalidades e a eficiencia enerxética debe ser unha delas.

Entendemos que a mellora xeral dos albergues en eficiencia enerxética debe ser unha tarefa prioritaria no mantemento destes importantes equipamentos pola repercusión tanto medio ambiental como en custes efectivos e, sobre todo, porque a Administración Pública debe ser pioneira e exemplar en aplicar as medidas correctoras necesarias que permitan acadar ese bo rendemento enerxético no seu propio patrimonio inmoble.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno.

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar unha auditoría de eficiencia enerxética en todos os equipamentos que conforman a Rede pública de Albergues do

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Camiño de Santiago en Galicia para ir, paulatinamente, mudando todas as instalacións conforme o informe da auditoría na procura da eficiencia enerxética".

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/02/2017 16:55:28

Maria Antón Vilasánchez na data 24/02/2017 16:55:39

Moisés Blanco Paradelo na data 24/02/2017 16:55:45

María Isabel Novo Fariña na data 24/02/2017 16:55:51

Marta Novoa Iglesias na data 24/02/2017 16:55:59

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/02/2017 16:56:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/02/2017 16:56:12

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/02/2017 16:56:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 17:08
Nº Rexistro: 5684
Data envio: 24/02/2017 17:08:39.023

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz** e **Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O programa europeo LEADER busca un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando no mesmo todos os recursos e actores económicos e humanos existentes, cunha filosofía de "abaixo cara arriba".

Os fondos destinaranse principalmente a medidas de apoio ás explotacións agrarias e os sectores agroalimentario e forestal.

O programa tamén prevé axudar a agricultores a reestruturar e modernizar a súas explotacións. Outros novos agricultores contarán con axudas de incorporación para poñer en marcha as súas empresas segundo os cálculos comunitarios.

Asemade está previsto as axudas para as organizacións de produtores, selos de calidade e mercados locais.

Está indicado que chegue á maior parte da poboación de Galicia algunha estratexia de desenvolvemento local do plan Leader.

Entre os desafíos ós que se lle debe facer fronte en Galicia cos fondos de desenrolo rural, están o fomento da competitividade da agricultura, a incorporación de xoves e a xestión de terras. Tamén se debe seguir mellorando na produtividade da industria alimentaria e da silvicultura mediante o fomento de produción de alto valor engadido.

A mellora da calidade de vida da poboación rural, a través da prestación de servizos básicos, a loita contra o cambio climático e a preservación dos recursos naturais son outros dos obxectivos recollidos no PDR.
Neste programa teñen un papel fundamental os Grupos de Desenvolvemento Rural que desempeñan o papel de entidades colaboradoras e son os que seleccionan os proxectos a levar a cabo nos próximos anos. No mes de xaneiro do 2017 procedeuse a constitución dos 24 GDR que se reparten por todo o territorio galego.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rematada xa a fase de constitución dos grupos de desenvolvemento rural, ponse en marcha o Leader 2014-2020 que suporá un investimento de 84 millóns de euros no período sinalado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a habilitar os medios necesarios para promocionar e estender a información máis completa posible deste programa a todos os concellos de Galicia, co obxecto de que chegue ó maior número de agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral".

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/02/2017 17:06:25

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/02/2017 17:06:34

José González Vázquez na data 24/02/2017 17:06:41

Raquel Arias Rodríguez na data 24/02/2017 17:06:50

Moisés Blanco Paradelo na data 24/02/2017 17:06:58

Carlos Gómez Salgado na data 24/02/2017 17:07:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/02/2017 17:07:14

Daniel Vega Pérez na data 24/02/2017 17:07:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No pasado ano 2016 cumpríronse 80 anos do golpe de Estado militar contra o rexime democrático vixente no Estado español en xullo de 1936. Despois de transcorridas 8 décadas do inicio da represión -e 40 anos desde o final da Ditadura-, no Estado español segue pendente o desenvolvemento dunha política pública da memoria que faga posíbel exercer o dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e de Garantías de non repetición. Esta realidade fica manifestamente demostrada no Informe que presentou o relator especial da ONU, Pablo de Greiff, no ano 2014.

2. O levantamento militar -e a Ditadura a que deu lugar- foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período franquista. Unha persecución, illamento e eliminación de persoas por razóns políticas que para moitos xuristas e investigadores ten as características dun xenocidio. A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas contra as mulleres, tanto por razóns políticas como de parentesco. Un proceso que hai que inserir nun marco xeral de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

represión de xénero que convertiu a todas as mulleres en vítimas da perda de dereitos e de liberdades que se conquistaran na II República.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

3. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terribel período histórico. Esta condena debe ir acompañada do compromiso cos valores democráticos e a defensa dos dereitos humanos, nomeadamente o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e de garantías de non repetición. No caso do Parlamento e do goberno galego, existe ademais unha obriga clara a este respecto porque moitos dirixentes políticos republicanos e galeguistas que loitaron polo autogoberno e polo Estatuto foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, exilio, depuración e outras múltiples formas de violencia.

3. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias. Entre estas obrigas, non se pode adiar a da reparación de todas as persoas que foron xulgadas e condenadas por tribunais ilegais, impostos polos militares que se levantaron en armas contra un rexime democrático e un goberno elixido nas urnas.

4. Nas últimas décadas as institucións e a sociedade organizada deron pasos no desenvolvemento de políticas de memoria en Galiza. Cabe salientar a este respecto as iniciativas desenvolvidas polo goberno galego no período 2005-2009 como a programación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2006 Ano da Memoria, a creación do Consello da Memoria de Galiza, a declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria, o proxecto de investigación interuniversitario Nomes e Voces, o convenio sobre exhumacións, o programa Mulleres con memoria, as convocatorias de axudas para asociacións, investigadores/as e para o ámbito artístico, a organización de congresos, xornadas, exposicións, etc.

A partir do ano 2009, coa chegada do PP ao goberno galego, estas iniciativas foron eliminadas ou marxinadas. No caso do proxecto Nomes e Voces, reduciuse o apoio económico até tal punto que levou ao peche do programa de investigación e ao seu mantimento unicamente como web grazas a outras axudas. Na Illa de San Simón eliminároнse case todos os contidos relacionados coa recuperación da memoria histórica e desapareceron as actividades que lle daban sentido á Illa da Memoria. Na actualidade só se desenvolve un acto anual que é organizado pola Iniciativa Galega da Memoria.

5. A inexistencia de políticas públicas de memoria por parte das institucións galegas supón a conculcación de dereitos humanos universalmente recoñecidos e un obstáculo para a construción dunha sociedade verdadeiramente democrática. E máis alá destes feitos, constitúe unha afrenta e un agravio para a memoria das vítimas e das súas familias.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta ao goberno galego a

1. Desenvolver unha **Política pública sobre a memoria histórica** fundamentada na defensa dos dereitos humanos, e especificamente do dereito á Verdade, á Xustiza, á

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reparación e ás Garantías de non repetición. Esta política pública terá carácter transversal e dependerá organicamente da Presidencia ou da Vicepresidencia da Xunta de Galiza.

2. Elaboración -mediante un amplo proceso de participación social- e aprobación dunha **Lei galega da memoria histórica** que amplíe os dereitos recoñecidos pola lexislación estatal.

3. Para garantir o **dereito á Verdade**, o goberno galego promoverá unha **Comisión da Verdade** independente, plural e de carácter oficial que permita coñecer todas as formas de represión e todos os tipos de vítimas galegas do franquismo, entendidas estas en sentido amplo e durante o período 1936-1977. Paralelamente á Comisión da Verdade, crearase unha **Oficina de Atención ás Vítimas e ás súas familias**.

Como apoio á comisión da verdade, dotarase dos medios económicos, humanos e materiais necesarios o proxecto interuniversitario de investigación **Nomes e Voces,** e crearase o **Arquivo da Memoria Histórica de Galiza**, como centro público para a investigación, a documentación e a divulgación da memoria da represión franquista e da loita pola democracia e a liberdade.

Para favorecer os traballos de investigación e de coñecemento da verdade, adoptaranse as medidas legais e disporanse os medios necesarios para facilitar o acceso ás fontes escritas, e nomeadamente aos arquivos oficiais. Neste sentido, instarase a desclasificación de fondos documentais que na actualidade non son accesíbeis, e demandarase unha política estatal e unha lexislación de arquivos que revise os criterios aplicábeis en materia de privacidade e de confidencialidade, de conformidade cos estándares internacionais e garantindo o dereito á verdade.

Paralelamente, promoverase e priorizarase o estudo, investigación e rexistro da memoria oral, pola súa importancia para o coñecemento da verdade e porque por razóns

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cronolóxicas xa estamos nun momento límite para acceder a testemuñas directas dos feitos obxecto de investigación.

Asemade, o goberno galego prestará apoio á conservación e divulgación de arquivos de partidos, sindicatos, fundacións e outras entidades que conserven fondos relacionados co período 1936-1977.

Con relacións ás persoas desaparecidas, o goberno galego retomará o convenio co Instituto de Medicina Legal de Galiza para a exhumación das vítimas da represión franquista, en colaboración coas asociacións e as familias. Neste sentido, as actuacións realizaranse dacordo cun protocolo técnico forense e previa información á autoridade xudicial. As investigacións e labores relacionados coa exhumación formarán parte do ámbito de actuación da Comisión da Verdade e contarán co apoio, asesoramento e participación do proxecto Nomes e Voces.

En relación coas causas da morte das persoas vítimas de represión, a Comisión da Verdade e o Arquivo Público da Memoria velarán porque se faga constar a verdadeira causa da morte, mais alá da que figure no certificado médico ou no rexistro civil. Neste sentido, promoveranse as reformas legais necesarias para que nas inscricións rexistrais de falecemento se engada a referencia ás circunstancias da morte.

3. En relación co **dereito á Xustiza**, o goberno galego desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Instar ao goberno do Estado a derrogación da lei 46/1977 (Lei de amnistía) por ser o principal obstáculo para a apertura de investigacións e procedementos penais sobre violacións graves dos dereitos humanos e do dereito humanitario. Esta derrogación xustifícase pola incompatibilidade dos efectos da lei de amnistía coas obrigas internacionais adquiridas polo estado español, nomeadamente o Pacto Internacional de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dereitos Civís e Políticos, ratificado o 27 de abril de 1977, isto é, antes da entrada en vigor da Lei de Amnistía.

Ademais dos estándares internacionais que establecen a imprescritibilidade dos delitos de lesa humanidade, nos casos de desaparición forzada seguirase o criterio do dereito internacional que establece que os prazos de prescrición deben contarse a partir do momento en que cesa a desaparición forzada, é dicir, desde que a persoa aparece con vida ou aparecen os seus restos.

b) Instar ao goberno do Estado a revisión das reformas da lei orgánica 6/1985, de 2009 e 2014, que limitan significativamente a posibilidade de que os xulgados españois poidan exercer a súa xurisdicción sobre crimes internacionais graves, como o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra.

c) Instar ao goberno do Estado a que tipifique como delito a apoloxía ou calquera forma de exhaltación ou propaganda do golpe militar e da Ditadura franquista. E que se prohiban as entidades que realicen actividades de exhaltación franquista.

4. En relación co **dereito á reparación**, o goberno galego desenvolverá as seguintes iniciativas

a) Instar ao goberno do Estado a reforma da Lei Orgánica do Estatuto da Vítima do Delito para incluir nela as vítimas da represión franquista.

b) Desenvolver un marco normativo galego que inclúa:

- a reparación a todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente, especialmente persoas privadas de liberdade baixo reximes particulares, en campos de concentración e de traballos forzados, así como persoas detidas en aplicación da lei sobre vagos e maleantes de 1933;

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a reparación das persoas sometidas a sancións laborais, económicas e de incautacións de bens;

- a reparacións ás mulleres vítimas de delitos sexistas e machistas como violacións e vexacións.

c) Instar ao goberno do Estado a anulación de sentenzas de tribunais creados durante a guerra civil e o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas. Esta anulación permite superar o marco legal actual, fixado na Lei 52/2007 de Memoria histórica, que establece o carácter "radicalmente inxusto" e a ilexitimidade das condenas e sancións ditadas polas xurisdiccións especiais durante a guerra civil e por calquera órgano penal ou administrativo durante a Ditadura.

d) Instar ao goberno do Estado á modificación da Lei 52/2007 de Memoria histórica a respecto das Declaracións de reparación e recoñecemento persoal, por non constituír unha reparación axeitada. Esta modificación debe facerse no sentido do recoñecemento dos feitos e responsabilidades e a presentación de desculpas oficiais que vaian máis alá dun recoñecemento xenérico.

5. Con respecto á **garantía de non repetición**, o goberno galego porá en marcha as seguintes medidas:

a) Elaboración dunha relación de símbolos e monumentos conmemorativos de exhaltación do golpe de estado, a violencia e a Ditadura franquista, coa finalidade de promover a súa eliminación.

b) Promover, en colaboración con outras institucións, a anulación de honores, distincións e recoñecementos a persoas vencelladas coa represión franquista e coa Ditadura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Elaboración, en colaboración con outras administracións e co movemento asociativo memorialístico, dun mapa da memoria e sinalización dos lugares da represión, da resistencia e da solidariedade.

d) Desenvolvemento de programacións escolares de educación en dereitos humanos que inclúan o estudo do golpe de estado, da represión e da Ditadura franquista.

e) Promoción da formación dos funcionarios públicos, especialmente do poder xudicial, en materia de dereitos humanos incidindo na responsabilidade do poder xudicial, particularmente as xurisdiccións especiais, despois do golpe de Estado de 1936 e durante a Ditadura franquista.

6. Polo seu significado e o seu simbolismo, **declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria** e espazo central da memoria histórica democrática e da loita pola liberdade en Galiza. En consonancia con esta función simbólica e referencial, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

- Promoción da Illa como espazo para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, a represión, a resistencia e a solidariedade. Promoveranse especialmente as actividades destinadas ao público escolar e as visitas organizadas polas asociacións memorialistas. Nas visitas de carácter turístico farase referencia ampla á etapa histórica na que a illa foi lugar de represión, de cárcere e asasinato. Paralelamente, restrinxiranse as actividades que poidan ser consideradas ofensivas ou agresivas para a memoria das vítimas.

- Conservación e potenciación da sinalética, dos espazos expositivos e das expresións artísticas relacionadas coa historia da illa como lugar de represión, de resistencia e de solidariedade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envío: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desenvolvemento do **Memorial de San Simón** coa dixitalización e divulgación de todo o material actualmente disperso sobre a historia do presidio, as persoas alí recluídas e as que foron sacadas da illa para seren asasinadas.

- Desenvolvemento na Illa dun programa anual de actividades relacionadas coa represión, a resistencia e a solidariedade, e colaboración coas asociacións memorialistas na organización da Homenaxe Nacional ás Vítimas do Franquismo.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 10:21:19

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 10:21:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:23
Nº Rexistro: 5688
Data envio: 27/02/2017 10:23:11.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 10:21:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 10:21:34

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 10:21:38

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 10:21:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5691
Data envío: 27/02/2017 10:44:18.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás perdas e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas na súa fiscalización ás actividades do Igape.

O Consello de Contas fiscalizou as actividades recentes do Igape a través do "Informe do Igape, en particular das axudas en forma de aval. Exercicios 2011-2013". Neste informe, o Consello acha numerosas deficiencias tanto na súa estrutura como na súa actuación, e que repercutiron en fortes perdas dos instrumentos de apoio financeiro que impulsa o Igape.

Con respecto á súa estrutura e organización, o Informe sinala que o incremento das operacións financeiras por parte do Igape non veu acompañado dunha modificación da súa estrutura organizativa para adaptala ao crecente peso destas novas modalidades de axuda. Así, concéntrase nunha única unidade a xestión dos préstamos e avais. Esta unidade conta cunha porcentaxe escasa dos recursos humanos do ente a pesares de que na súa actividade se comprometen máis da metade dos recursos xestionados polo Instituto. O Informe conclúe que "todos estes factores non axudaron a aliviar as importantes perdas xeradas, nun contexto de forte crise económica, polos mecanismos de apoio financeiro empregados polo Igape".

O Informe especifica esas importantes perdas do Instituto. No que respecta ás participacións en capital, nomeadamente a través de fondos achegados ás entidades de capital risco -que a finais de 2015 ascendían a 183,4 millóns- as perdas representaban o 59% (108,8 millóns), como consecuencia das insolvencias e deterioros nos investimentos realizados polos fondos participados.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5691
Data envío: 27/02/2017 10:44:18.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No que ten a ver cos préstamos, evidénciase un alto grao de morosidade. Nos préstamos vencidos os dereitos pendentes de cobro por principal e xuros cunha antigüidade superior a un ano era a finais de 2015 de 42,2 millóns respecto a uns vencementos totais de 70,4 millóns, é dicir, a morosidade ascendía ao 60%.

No que atinxe aos avais, dende que se iniciou o programa de avais no 1994 e ata o 2015, a Xunta tivo que facer fronte a 82 millóns por avais falidos, o que representa un 12% do total formalizado. Sobre o risco vivo por avais financeiros, a 31 de decembro do 2015 ascendía a 115 millóns, estando o 47% dese importe (55 millóns de euros) en risco de resultar falido, ben por ter sido reclamado o seu pagamento polas entidades financeiras ben por existir un alto risco de reclamación.

O Informe detalla numerosas deficiencias na xestión do Instituto nomeadamente no que ten a ver coa concesión de avais. A continuación sinalamos os máis salientábeis:

- A normativa de referencia na tramitación dos expedientes de concesión de avais amparou o outorgamento de axudas en forma de garantía sen a observación de todos os parámetros previstos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 e constitúe un marco regulatorio insuficiente para resolver situacións que se suscitan máis de 20 anos despois da súa promulgación e non está adaptada ao Dereito da Unión Europea.

- Nos avais concedidos as PEMEs, cumpriuse o requisito da previa autorización pola CDXGAE que declarou a operación de especial interese socioeconómico para Galiza, pero sen expresar as razóns que xustificaron a dita declaración.

- Durante os exercicios fiscalizados non se tramitou ningún aval ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise aprobadas mediante Resolución do 26.12.2005.

- Nalgúns dos expedientes revisados, advertiuse que a valoración da situación financeira das empresas aos efectos de considerala en crise non tivo en conta todos os

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5691
Data envio: 27/02/2017 10:44:18.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parámetros establecidos na Comunicación 2004/C244/02, feito que determinou que non se motivasen na tramitación deses expedientes a aplicación ou non das limitacións mais restritivas establecidas para as axudas que se conceden a este tipo de empresas.

- Consello de Contas tamén sinala que "a ausencia de resposta á petición de información sobre outros apoios económicos así como sobre o grao de cumprimento das empresas, impediu alcanzar o obxectivo de cuantificar os apoios globais concedidos a cada empresa así como avaliar o grao de cumprimento das obrigas contraídas co Igape por parte das empresas avaladas". A volta a sinalar a ausencia de información como causante de non coñecer cales son os motivos que impediron o resarcimento das cantidades desembolsadas no relativo ao avais falidos.

- Con respecto ás comisións de avais, con respecto ao cumprimento da obriga de pagamento das comisións de avais, observouse unha demora xeneralizada no pagamento das comisións, agás na primeira anualidade que se aboa no momento de formalizarse o aval. O Consello de Contas tamén observou que as comisións pendentes correspondentes a empresas que entraron en concurso de acredores non foron reclamadas, nalgúns casos, no marco do proceso concursal.

- En relación coas garantías, a análise efectuada revelou a admisión polo Igape de garantías reais cuxa consistencia resulta cuestionábel (hipotecas en segundo e terceiro rango, marcas e concesións administrativas).

Ante estas deficiencias, o Consello de Conta propón no informe unha serie de recomendacións de cara a corrixilas, como pode ser a adopción dunha nova regulación en materia de avais, unha avaliación máis precisa do risco que se asume coas operacións que se van garantir, esixir o pagamento das comisións con carácter anticipado e dunha soa vez, no momento da formalización dos avais, mías, precaucións nas garantías, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5691
Data envio: 27/02/2017 10:44:18.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Adoptar de xeito inmediato as recomendacións realizadas polo Consello de Contas coa finalidade de corrixir as deficiencias sinaladas.

- Impulsar unha adecuación da estrutura organizativa do Igape para adaptala ao crecente peso das novas modalidades de axuda, como as participacións de capital, os préstamos e os avais."

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 10:40:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 10:44
Nº Rexistro: 5691
Data envio: 27/02/2017 10:44:18.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 10:41:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 10:41:08

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 10:41:13

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 10:41:15

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 10:41:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:24
Nº Rexistro: 5707
Data envío: 27/02/2017 11:24:39.137

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación …

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443…

O Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos)…

E que dicir “da abundancia” de chalecos antibalas en todos os casos …

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:24
Nº Rexistro: 5707
Data envío: 27/02/2017 11:24:39.137

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aportar máis financiamento para a adquisición de medios materiais para os policías locais de Galicia.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:19:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:19:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:19:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 11:19:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5713
Data envio: 27/02/2017 11:34:59.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á seguridade no Camiño Portugués.

1. No mes de maio do 2014 creouse a Mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués. Na xuntanza constitutiva que tivo lugar na Deputación de Pontevedra participaron a Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, o Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, o Presidente da Fundación Camiño de Santiago, Tino Lores, representantes de 12 concellos e técnicos da Deputación e da Xunta de Galiza.

Entre os acordos desta primeira xuntanza da mesa cabe sinalar o de levar a cabo un Plan de Accesibilidade, así como o de realizar obras de mellora da seguranza viaria en determinados puntos do trazado con problemas de perigosidade.

2. A Fundación Camiño de Santiago (herdeira da asociación Amigos do Camiño Portugués) presentou daquela un informe no que se detallaban ata 11 puntos negros no treito pontevedrés da rota xacobea, incidindo naqueles que presentaban maior perigo ("zonas moi complicadas e de elevadísimo risco"): intersecciónscon estradas de tráfico intenso, principalmente estradas nacionais; estradas sen beiravías; e pasos por rotondas. A intención da Fundación era que este informe fose tido en conta pola consultora

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5713
Data envio: 27/02/2017 11:34:59.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encargada de estudar as actuacións de mellora da accesibilidade e a seguranza viaria no Camiño.

Na relación de puntos negros identificados en 2014 cabe sinalar:

i. No concello de Redondela:

-a intersección do Camiño Portugués coa N 550 en Cesantes á altura do colexio público e a subida cara ao Viso;

-o acceso a Redondela

ii No concello de Pontevedra:

-o paso do Camiño por San Caetano-Alba, nunha estrada autonómica, a PO 225, de tráfico intenso e sen beiravía que inclúe o paso por unha ponte sen protección;

- a entrada en Pontevedra desde Tomeza pola estrada provincial O Marco-Tomeza-Figueirido, un treito no que o concello de Pontevedra propuxo como alternativa a vía de servizo do tren de alta velocidade que discorre en paralelo á senda do río dos Gafos.

iii No límite entre O Porriño e Mos

- o paso do Camiño por rotondas e as intersecións coa N 550

iv No concello de Soutomaior: as intersecións coa estrada en Arcade.

v No concello de Caldas: as intersecións coa N 550 con especial atención á zona de Carracedo

3. No tempo transcorrido entre 2014 e comezos de 2017 non se tomaron medidas para corrixir os principais problemas de seguranza viaria e accesibilidade do Camiño

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5713
Data envio: 27/02/2017 11:34:59.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portugués. E nada se sabe da Mesa de traballo permanente nin do estudo que se prevía realizar.

Por outra parte, ao longo destes case tres anos incrementáronse as denuncias sobre treitos do Camiño con graves problemas de seguranza viaria e accesibilidiade. A este respecto cabe sinalar o paso pola vía do tren na parroquia de Amieiro Longo en Mos, zona na que existe unha proposta de trazado alternativo, e o treito entre Curro e San Amaro no concello de Barro.

Ademais, cómpre prestar atención ao trazado e estado do camiño nas zonas urbanas, mellorando as intersecciónsns con outras vías e coidando os pavimentos, a accesibiliade e a sinalética.

Por outra parte, é necesario estudar as melloras alternativas para fomentar o uso da bicicleta para facer o camiño.

4. O Camiño Xacobeo Portugués rexistrou no ano 2016 máis de 52.000 peregrinos, o que supón un 18,7% do total. Estas cifras sitúan a rota portuguesa como a máis utilizada despois do Camiño Francés, con unha demanda crecente. Esta situación fai necesaria unha acción coordinada das diferentes administracións, co liderado da Xunta de Galicia, para mellorar a promoción, o estado das infraestruturas e servizos, a sinalización, e especialmente as condicións de seguridade viaria e accesibilidade.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5713
Data envio: 27/02/2017 11:34:59.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Reactivar a Mesa permanente pola potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra e coordinar as actuacións das diversas administracións e entidades relacionadas coa rota xacobea.

2. Priorizar as actuacións relacionadas coa seguridade viaria e as obras necesarias para eliminar os puntos negros, en colaboración coas administracións titulares das vías.

3. Estudar alternativas de sinalización e pavimentos para mellorar as interseccióǹs do camiño con outras vías.

4. Procurar alternativas para aqueles puntos ou treitos nos que o trazado do camiño sexa incompatíbel coa seguridade dos peregrinos.

5. Desenvolver un plan de mellora da mobilidade ciclista polo camiño xacobeo portugués entre Tui e Compostela.”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5713
Data envio: 27/02/2017 11:34:59.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 11:28:12

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 11:28:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 11:28:22

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 11:28:25

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 11:28:27

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 11:28:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 5717
Data envío: 27/02/2017 11:42:25.933

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Nestes últimos tempos, a Garda Civil ten manifestado as súas precarias condicións laborais, profesionais e de exercicio dos seus dereitos. Así, a Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) e moitas cousas máis.

Entre as demandas, figuran condicións laborais dignas, xornada de traballo, mellora retributiva, formación, incremento de medios materiais e carreira profesional. Reclaman a prevención eficaz de riscos laborais, medidas de conciliación familiar e un marco de diálogo, pois resulta inaceptable que os representantes do colectivo estean sometidos a expedientes disciplinarios por facer o seu labor. Mais a aprobación do Código Penal Militar de 2016 e que incluíu no seu ámbito de actuación á Garda Civil foi un tremendo paso atrás pois, pese á natureza militar da Garda Civil, a meirande parte das súas funcións son de carácter policial.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado a:

1. Promover a reforma do novo Código Penal Militar, que entrou en vigor o 15 de xaneiro de 2016, impulsando que, na aplicación deste texto para os gardas civís no seu labor cotiá como corpo de seguridade, sexa regulado cos criterios de aplicación acordados polo lexislador de 2007.
2. Paralizar de maneira inmediata o uso da potestade disciplinaria contra dirixentes de asociacións de gardas civís por exercer o seu dereito de asociación profesional e a súa liberdade de expresión e defender os dereitos económicos, sociais e profesionais dos membros do corpo.
3. Mellorar as condicións dos membros da Garda Civil para que estes poidan exercer o seu traballo policial en condicións dignas e desenvolver os seus dereitos asociativos sen limitacións arbitrarias.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:38:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:38:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:38:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 5717
Data envío: 27/02/2017 11:42:25.933

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 11:38:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5726
Data envío: 27/02/2017 11:49:18.527

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación …

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443…

O Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos)…

E que dicir "da abundancia" de chalecos antibalas en todos os casos …

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5726
Data envío: 27/02/2017 11:49:18.527

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado a solución do problema de seguridade na nosa Comunidade Autónoma a través do incremento dos medios persoais dos corpos da Garda Civil, da Policía Nacional e da Policía Adscrita nun total de, como mínimo, 2000 novas prazas.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5726
Data envio: 27/02/2017 11:49:18.527

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:47:35

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:47:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:47:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 11:47:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5739
Data envio: 27/02/2017 14:27:08.121

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** de por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira** e **Soraya Salorio Porral,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As enfermidades metabólicas hereditarias, tamén coñecidas como erros innatos do metabolismo, son patoloxías causadas por mutacións xenéticas que ten como resultado a produción anormal de proteínas (encimas ou coenzimas), implicadas no metabolismo e aproveitamento de determinados nutrientes.

Para evitar que no organismo se acumulen cantidades tóxicas do nutriente non metabolizado, este pacientes vense obrigados a consumir na súa dieta habitual alimentos libres de dito nutriente. O caso máis coñecido, mais non o único, é o das persoas celíacas, que deben consumir alimentos sen gluten.

Noutras situacións, o problema consiste en que se poden desenvolver deficiencias específicas de determinados nutrientes esenciais que se obterían en condicións normais a través do metabolismo fisiolóxico nestes casos alterado, polo que é preciso contemplar na dieta a cantidade suficiente do devandito elemento para manter a función fisiolóxica.

Así, estes cidadáns necesitarán de por vida de produtos dietéticos específicos e de alimentos para fins médicos especiais. Actualmente, todos os produtos que se rexistran como ADUME (Alimentos De Usos Médicos Especiais) sexan financiados ou non,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5739
Data envio: 27/02/2017 14:27:08.121

pagan un IVE do 10%; si se rexistran como alimentos e se venden en supermercados, teñen o IVE do 21%, salvo os alimentos básicos (como pan, leite, queixo, ovos, froitas, verduras, tubérculos naturais, entre outros) aos que se lles aplica un IVE do 4%.

Isto leva a que determinados produtos alimentarios para estas persoas teñan que ser obxecto dun tratamento especial para reducir o contido do nutriente problemático, ou ben substituílo por outros ingredientes exentos totalmente do nutriente de forma natural. Estes procesos adoitan incrementar o prezo de venta deses alimentos, prexudicando así aos pacientes.

Coa finalidade de compensar esta situación, tense adoptado no pasado medidas como a redución do IVE ao 4% do pan e a fariña sen gluten, mais entendemos que esta media debería estenderse ao conxunto dos alimentos tratados para que poidan ser consumidos por pacientes afectados de enfermidades metabólicas hereditarias.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España á aplicación do IVE reducido a todos os alimentos e produtos dietéticos destinados a persoas con enfermidade celíaca e erros innatos do metabolismo”.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/02/2017 14:24:45

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/02/2017 14:24:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/02/2017 14:25:01

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/02/2017 14:25:34

Marta Rodriguez Arias na data 27/02/2017 14:25:45

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/02/2017 14:25:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/02/2017 14:26:03

María Soraya Salorio Porral na data 27/02/2017 14:26:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:56
Nº Rexistro: 5741
Data envío: 27/02/2017 16:56:56.605

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En novembro de 2014, unha policía nacional morría en Vigo tiroteada por un atracador. Non levaba chaleco antibalas.

Pouco despois (en decembro), o director adxunto operativo da Policía Nacional facía distribuír por todas as comisarías unha circular para "saber usar" os axentes o chaleco antibalas, sempre cando patrullen uniformados polas rúas e cando teñan que intervir en actuacións nas que exista o mínimo risco. A circular acompañaba á nota de prensa na que se anunciara a distribución urxente de milleiros de chalecos antes de rematar o primeiro semestre de 2015.

Pero ocorreu que o Ministerio do Interior só mercou modelos masculinos, non suficientes para os homes e que non se adaptan á fisionomía feminina, pois provocan unha forte presión e dor no peito, que se agudiza nos casos de mulleres con tallas grandes. E así llo dixeron ao ministerio todas as responsables das asociacións profesionais deste corpo. E nos outros está a pasar exactamente o mesmo; así, a Garda Civil non ten chalecos antibalas individuais nin axeitados para o desenvolvemento do seu traballo diario: debería haber dous para cada posto e as tallas non son as axeitadas.

A cuestión é que non sabemos:

1. Cantas mulleres policías nacionais patrullan uniformadas polas rúas de Galicia ou interveñen en actuacións nas que exista o mínimo risco para a súa vida ou integridade.
2. Cantas levan chaleco antibalas.

3. Cantas levan chaleco antibalas que garanta a súa seguridade física e se adapte ás condicións anatómicas dunha muller.
4. E si o Goberno galego vai esixir ao Ministerio do Interior que imparta instrucións á empresa que elabora os chalecos antibalas para que se fabriquen chalecos das dúas modalidades, home e muller.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Ministerio do Interior que, cando patrullen uniformados polas rúas e cando teñan que intervir en actuacións nas que exista o mínimo risco, todos os e as axentes das Forzas e Corpos de Seguridade que desenvolvan estes labores en Galicia teñan posto chaleco antibalas e que imparta instrucións á empresa que elabora os chalecos para que se adapten perfectamente á morfoloxía física dos dous sexos.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 16:55:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 16:55:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 16:55:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:56
Nº Rexistro: 5741
Data envío: 27/02/2017 16:56:56.605

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 27/02/2017 16:55:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 16:55:17

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5776
Data envío: 27/02/2017 19:19:00.746

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solis, Paula Prado del Río, Gonzalo Trenor López, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O imposto sobre sucesións e doazóns non é un imposto totalmente cedido á Comunidade Autónoma de Galicia. Como sinala o artigo 32 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, a cesión queda condicionada a que os suxeitos pasivos, causantes ou bens, segundo os casos, estean situados en territorio español. Polo tanto non están cedidos os seguintes supostos:

- Imposto sobre sucesións:

- Causante non residente

- Suxeito pasivo non residente

- Imposto sobre doazóns:

- Ben inmoble situado fóra do territorio español

- Suxeito pasivo non residente

Con anterioridade a 1 de xaneiro de 2015, nestes supostos, o rendemento correspondía ao Estado, así como a xestión, inspección e recadación destes, desenvolvida totalmente pola AEAT, aplicándose para iso a normativa estatal. É dicir, non era aplicable a normativa das CCAA.

A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 3 de setembro de 2014 (asunto C-127/12), declarou que o Reino de España incumpriu as obrigas que lle incumben en virtude dos artigos 63 TFUE e 40 do Acordo sobre o Espazo Económico

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Europeo do 2 de maio de 1992, ao permitir que se establecesen diferenzas no trato fiscal das doazóns e as sucesións entre os causahabentes e os donatarios residentes e non residentes en España, entre os causantes residentes e non residentes en España e entre as doazóns e as disposicións similares de bens inmobles situados en territorio español e fóra deste, como consecuencia da aplicación a estes supostos da normativa estatal fronte á normativa das CCAA que era máis beneficiosa.

Para solucionar a situación derivada da devandita sentenza, o Estado optou por aplicar a estes supostos a normativa das CCAA, pero sen cedelos.

É dicir, o Estado continúa percibindo o rendemento e xestionando o tributo pero aplicando a normativa das CCAA. Para estes efectos introduciu unha disposición adicional segunda na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns, con efectos dende 1/1/2015, redactada pola disposición final terceira da Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, aprobado polo R.D. Lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias.

Esta solución non parece a máis conveniente, xa que pode ser a orixe de múltiples problemas á hora de aplicar o tributo.

Por todo o anterior, a solución máis conveniente tería sido a cesión completa deste imposto ás CCAA, incorporando os non residentes de acordo cos puntos de conexión establecidos na nova disposición adicional. Desta forma produciríase unha aplicación homoxénea e igualitaria da norma a todos os contribuíntes por administracións tributarias especializadas neste tributo, lográndose maior eficiencia na xestión e ao mesmo tempo facilitaríanse as obrigas aos contribuíntes diminuíndo de forma significativa a presión fiscal indirecta, ademais de aumentar os ingresos das Comunidades Autónomas e polo tanto a súa autonomía financeira.

Estas circunstancias descritas, que en teoría afectan a todas as CCAA, produciranse con moita máis frecuencia na CA de Galicia, dada a importancia que o fenómeno migratorio tivo nesta comunidade. Así é moi usual nesta comunidade a presentación do imposto sobre sucesións de herdanzas nas que existen residentes e non residentes.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5776
Data envío: 27/02/2017 19:19:00.746

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que se ceda ás Comunidades Autónomas o rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España. Está cesión comprenderá tamén a delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes."

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/02/2017 19:16:31

José González Vázquez na data 27/02/2017 19:16:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/02/2017 19:16:52

Paula Prado Del Río na data 27/02/2017 19:17:06

Gonzalo Trenor López na data 27/02/2017 19:17:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/02/2017 19:17:34

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/02/2017 19:17:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5793
Data envio: 28/02/2017 11:46:28.695

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A accesibilidade é a calidade de fácil acceso para que calquera persoa, mesmo aquelas que teñan limitacións na mobilidade, na comunicación ou o entendemento, poida chegar a un lugar, obxecto ou servizo.

A accesibilidade universal é aquela condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

Actualmente, deixou de ser sinónimo de supresión de barreiras físicas para adoptar unha dimensión preventiva e ampla, xeneralizable a todo tipo de espazos, produtos e servizos. Por outra banda, trátase dunha variable fundamental para garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades, converténdose paulatinamente nun recoñecemento xeral, como mellora da calidade de vida de todos os cidadáns e cidadás.

A accesibilidade é un dereito da persoa e, como tal, debe ser tratado para conseguir a equiparación de oportunidades. Así mesmo, a persoa ten dereito á autonomía e a mobilidade persoal, como correspondencia ao logro dunha vida plenamente independente. Por último un aspecto fundamental é a normativa, que desde hai uns anos obriga a que todo ben, produto ou contorna sexa accesible para todas as persoas.

A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social entrou en vigor en decembro do 2013 e, entre as súas disposicións, establece unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no ámbito das edificacións que inclúe a esixencia de que os inmobles

garantan esas condicións.

Asemade, en Galicia, a *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade*, recolle no seu articulado promover a eliminación xeneralizada das barreiras arquitectónicas, especialmente nos edificios e nas instalacións de carácter público, para facilitar o seu uso por parte das persoas que teñen diversidade funcional. De especial importancia é garantir en Galicia o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, xa que segundo o Observatorio Estatal da Discapacidade, debido ao envellecemento da poboación, somos a comunidade con maior taxa de poboación con dificultades relacionadas coa mobilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar antes de que remate este ano un plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado para asegurar a plena inclusión de todas as persoas, de acordo co establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
2. Dotar de orzamento dito plan para que poida ser executado de maneira urxente.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5793
Data envío: 28/02/2017 11:46:28.695

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 11:40:35

María Luisa Pierres López na data 28/02/2017 11:40:41

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 11:40:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 11:40:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:48
Nº Rexistro: 5800
Data envío: 28/02/2017 11:48:20.367

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A discriminación no eido laboral das persoas con discapacidade é heteroxénea: condicións laborais desiguais, salarios un 16 % inferior aos do resto da poboación, niveis educativos máis baixos, e un índice de pobreza máis acusado. A crise cebouse coas persoas máis desfavorecidas, pero as persoas con discapacidade esixen realizarse como persoas en todos os ámbitos sociais, especialmente no laboral, xa que a ninguén se lle escapa que a independencia económica supón autonomía, liberdade, prevén e evita a exclusión social, permite construír un futuro autosuficiente, e tamén funciona coma elemento creador de identidades. A través do emprego as persoas con discapacidade non só obteñen un traballo e un salario, senón que ocupan un lugar na sociedade, convértense en protagonistas da súa propia historia, e acceden ao mercado de bens e servizos deixando de ser cidadáns dependentes.

Na lexislación española, a cota de reserva nas empresas para as persoas con discapacidade é moi baixa en comparación con outros países da Unión Europea, o que fai que as empresas con capacidade de contratación de traballadores se limiten ao 2 % legalmente establecido. Ademais, o módulo de cálculo (empresas de 50 ou máis traballadores e traballadoras) fai que moitas non asuman ningún tipo de obrigación, o cal é totalmente contrario ao principio de integración; por outra parte, en provincias cuxo tecido empresarial é basicamente de Pemes, onde a maior parte das empresas non alcanzan os 50 traballadores e traballadoras, esta obrigación queda baleira de contido.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo ou individua e dos grupos nos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:48
Nº Rexistro: 5800
Data envío: 28/02/2017 11:48:20.367

que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.
Datos do INE relativos ao emprego das persoas con discapacidade en Galicia revelan que a nosa é a Comunidade Autónoma, cun 23,7 %, ten dentro deste colectivo a taxa de actividade máis baixa de todo España, dez puntos inferior á media estatal, e case trinta puntos menor que a do resto da poboación da nosa comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar conta semestralmente no Parlamento de Galicia do seguimento e avaliación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, así como do grao de consecución dos obxectivos previstos en base aos informes que se elaboren ao respecto.
2. Poñer en marcha unha campaña para fomentar a sensibilización e o coñecemento da lexislación vixente en materia de integración das persoas con discapacidade na empresa privada.
3. Garantir o cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, en todos os centros de traballo da Administración pública galega.
4. Establecer novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Impulsar a revisión dos parámetros da cota de reserva; por unha banda, a porcentaxe de 2 % e, por outro, o número de traballadores e traballadoras da empresa, que actualmente é de 50. Así como o endurecemento dos requisitos para poderse acoller a medidas alternativas e, para os casos en que se opte por elas, establecer

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:48
Nº Rexistro: 5800
Data envío: 28/02/2017 11:48:20.367

mecanismos que fomenten de forma real e efectiva o acceso deste colectivo ao mercado de traballo.

2. Reforzar as actuacións da Inspección do Traballo na vixilancia do cumprimento da cota de reserva de emprego para persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
3. Desenvolver regulamentariamente a Lei de réxime xurídico do sector público Lei 40/2015, do 1 de outubro, para impedir ás empresas que non cumpran coas obrigacións establecidas nesta materia contratar coa administración. Impulsar, ata que se desenvolva, a súa aplicación mediante a comprobación por parte do organismo de contratación da documentación relativa ao cumprimento da devandita obrigación

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 11:40:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/02/2017 11:40:11

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 11:40:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:48
Nº Rexistro: 5800
Data envio: 28/02/2017 11:48:20.367

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 11:40:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:03
Nº Rexistro: 5812
Data envío: 28/02/2017 13:03:04.384

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O barómetro sanitario máis recente publicado polo CIS apunta que o sistema público de saúde de Galicia obtén unha das valoracións máis baixas de toda España. Un dos problemas sinalados pola enquisa, e que se corresponde coa opinión social estendida, é que as esperas para a Atención especializada hospitalaria é un elemento claramente negativo. Así, soamente 3 de cada 20 persoas apuntan que a Atención especializada mellorou nos últimos 5 anos, fronte aos outros 17 que non o afirman.

Os datos oficiais emitidos polo propio Sergas sobre as listas de espera (decembro 2016) apuntan que varios dos servizos de diversas EOXI teñen demoras moi superiores ás establecidas pola Lei de garantías de prestacións sanitarias, elaborada e aprobada polo propio Partido Popular para determinar a acción da Xunta de Galicia en termos de espera, e abrir a porta á derivación cara a sanidade privada cando as esperas superen os criterios marcados.

A pesar de todo isto, os datos oficiais soamente inclúen os das citas xa marcadas, ben sexa para primeira consulta, proba diagnóstica ou cirurxía. Os e as pacientes, non entanto, non reciben sempre no primeiro momento a cita para a súa consulta, proba ou cirurxía. En moitas ocasións reciben a indicación de que serán chamados para fixar esta data, con posterioridade a que a soliciten, normalmente baixo a explicación de que as axendas están pechadas. Este sistema permitiría non incluír estas e estes pacientes para ser contabilizados de cara a emisión de cifras oficiais sobre as listas de espera, o que suporía a existencia de datos enganosos sobre o estado do sistema e das esperas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:03
Nº Rexistro: 5812
Data envío: 28/02/2017 13:03:04.384

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar os datos dos números de persoas que están á espera de recibir data e hora para a súa cita para primeira consulta, proba diagnóstica e cirurxía.
2. Incluír os datos dos non axendados na publicación oficial de datos da Consellería de Sanidade sobre as listas de espera.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:54:53

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:54:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 12:55:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5818
Data envío: 28/02/2017 13:06:03.321

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O 14 de setembro de 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) emitiu unha sentencia pola que considera que a concatenación indefinida de contratos temporais no sector sanitario público de España é contraria ao dereito comunitario. Galicia non é allea a este problema, e xa existe xurisprudencia ao respecto, anterior incluso á resolución do TXUE que falla a favor de traballadores e traballadoras que reclaman a condición estrutural do posto de traballo que ocupan eventualmente. En abril do 2016, o TSXG emitiu unha sentencia que resolvía así a reclamación de traballadores e traballadoras da sanidade galega que ocuparon postos de traballo de maneira eventual continuada durante anos, sinalando que este modo de contratación trataba de ocultar por esa vía fraudulenta, unha contratación indefinida de persoal.

Esta situación non fai máis que pon de relevo a precarización do emprego sanitario en Galicia e no conxunto de España, como consecuencia dos recortes en financiamento e diversas medidas de conxelación do emprego público estable incluídas nas Leis de acompañamento dos orzamentos.

Todo elo ten impedido a correcta reposición e empregadas e empregados públicos que se xubilan. Dita precarización de emprego público ten diversas consecuencias. Dende logo a calidade do emprego é menor para os traballadores e traballadoras, que ven como o seu traballo se trocea en múltiples contratos por horas para tarefas que son permanentes pola súa natureza. Pero dende logo tamén ten consecuencias sobre a calidade de asistencia ás e aos pacientes debido á enorme rotación e discontinuidade dos e das profesionais nos postos de traballo, falta de motivación, de

destrezas axeitadas para postos que requiren experiencia e habilidades específicas, ademais do coñecemento do medio e os instrumentos do traballo. Todo el resta eficacia ao desempeño do empregado e empregada, xerando a corto e medio prazo un maior custo para o sistema xa que o funcionamento colectivo do sistema resíntese por elo. Hai que ter en conta, ademais, os perigos da incerteza e inseguridade das condicións de traballo, que provocan maiores tensións e inquedanzas nos profesionais, e que sumadas aos sobreesforzos realizados pola reducida presenza de máis persoal contribúe a abrir as portas de enfermidades laborais como estrés ou burnout.

Esta situación ten sido xa denunciada polas organizacións sindicais e colexiais españolas en múltiples ocasións. Así, a Organización Médica Colexial española calcula que solo un de cada dous médicos/médicas do Sistema Nacional de Saúde dispón de un contrato de carácter estable e, dos que non o teñen, máis do 40 % traballan en situación de precariedade. Entre os médicos/médica que traballan sen contrato indefinido, a media é de 7 contratos por ano. A situación é similar entre as e os profesionais de enfermería e de outras profesións sanitarias.

A enorme e disparatada concatenación de contratos temporais denunciada polas organizacións sindicais non é senón o reflexo dunha gran bolsa de contratos eventuais estruturais, é dicir prazas de natureza permanente que non dispoñen de praza estrutural recoñecida (prazas sen código). Por elo non basta coa simple reposición de praza recoñecidas, xa limitada ao longo dos últimos anos de goberno do PP polas taxas de reposición impostas ás comunidades autónomas, que chegou a estar apenas no 10 % nas OPE ata 2015, senón que requiren dun esforzo de recoñecemento de prazas estruturais que solo os servizos autonómicos de saúde poden realizar en función da súa propia planificación e organización dos servizos asistenciais.

Recentemente, na primeira metade do mes de febreiro, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia anunciou unha OPE de 820 prazas que, no caso de que desaparecera a taxa de reposición tal e como demandan os colectivos sindicais, se duplicaría. Non entanto, o presidente da Xunta de Galicia anunciou en Pleno o 23 de febreiro a condición imposta de que foran aprobados os orzamentos estatais para dar vía libre a esa OPE

autonómica. Tal vinculación supón un condicionante impropio para unha situación político-laboral como a existente e un chantaxe inaceptable, pois o escenario para a sanidade galega non precisa e ser utilizado como arma para negociacións doura índole.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno de España a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten a postos de traballo de carácter estable.
2. Coa eliminación da taxa de reposición, convocar unha OPE no ano 2017 que chegue ás 1600 prazas inicialmente anunciadas.
3. Establecer un plan plurianual de contratación estable que palíe o problema de déficit e precarización do emprego na sanidade pública, co compromiso de abrir durante os anos 2018 a 2020 OPEs de 1750 prazas/ano.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:57:07

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:57:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5818
Data envío: 28/02/2017 13:06:03.321

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 12:57:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 10:51
Nº Rexistro: 5844
Data envío: 01/03/2017 10:51:06.763

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu voceiro **Luis Villares Naveira e das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Logo de manter unha xuntanza coa ANPA do CEIP Vilaxoan en Vilagarcía de Arousa, este grupo puido comprobar as numerosas deficiencias que presenta o centro, froito da inacción do goberno no mesmo desde o ano da súa inauguración en 1979.

O elevado número de deficiencias afectan non só ao benestar ou á calidade do ensino que reciben os nenos e nenas senón, que ademais, poden supoñer un importante risco para a súa saúde.

O conxunto da comunidade escolar do centro vén demandando unha serie de arranxos que non se poden demorar. Os primeiros teñen a ver coa necesaria climatización do centro, dende a reposición de ventás e falsos teitos á inaprazable instalación dunha nova caldeira, pois, en inverno, o centro apenas é capaz de chegar aos 14 graos de temperatura media nas aulas.

É imprescindible o cambio da caldeira, dado que o depósito, soterrado ao carón da cociña, ten filtracións e unha situación que imposibilita a utilización do 20% do combustible mercado para o fin. O seu soterramento, de feito, supón unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 10:51
Nº Rexistro: 5844
Data envio: 01/03/2017 10:51:06.763

irregularidade que provoca, por exemplo, que as cociñas do centro (actualmente fóra de uso) sufran de malos cheiros e contaminación procedente do mesmo.

Outras das cuestións que parecen inaprazables é a substitución dos teitos de amianto que aínda ten o edifico; substitución que deberá facerse con todas as garantías sanitarias e, dende logo, fóra do calendario escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno**:**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Que de forma inmediata proceda ao arranxo das deficiencias que ten o CEIP Vilaxoan, dende a substitución dos falsos teitos e ventás á instalación dunha nova caldeira e depósito de combustible.
- Que estableza un orzamento e calendario que permita a substitución dos teitos de amianto do centro.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do GP de En Marea

Deputadas do GP de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 10:51
Nº Rexistro: 5844
Data envío: 01/03/2017 10:51:06.763

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/03/2017 10:48:56

Luca Chao Pérez na data 01/03/2017 10:49:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2017 10:49:10

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envío: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Espallados polas comarcas de Lugo atopamos distintos exemplos patrimoniais que se atopan en completo estado de abandono e en risco mesmo de se derrubar.

No concreto, falamos da:

- **Torre de Torés** (As Nogais): Aínda que hai quen conxectura que o castelo medieval foi erixido sobre un primitivo asentamento castrexo ou unha torre de orixe romana ou altomedieval, a verdade é que non existen referencias escritas nin arqueolóxicas. Sen embargo, varios autores fan alusión a uns señores de Torés, entre outros Fr. Xerónimo Pardo na súa "Historia del Apóstol Santiago". Desta antiga linaxe fala tamén, no ano 755, Servando, bispo de Ourense. O licenciado Molina, ao referirse ao castelo, fala de que os Ribadeneira proveñen dun infante galego que foi irmán da lendaria raíña Lupa que, segundo a lenda, mandou construír o castelo, logo de se converter ao cristianismo e para conmemorar o prodixio, como "totem" aos touros que nun carro transportaron o corpo do Apóstolo Santiago. O suposto primeiro señor do castelo sería un tal Lobo Leberio, fillo dun romano, Loberio Ribano, e da raíña Lupa. Outro señor de Torés, a principios do século VIII, sería Diego Bolaño que defendeu a cidade de Lugo. Vázquez Seijas, en "Fortalezas de Lugo y su provincia" (1955), achega unha longa listaxe dos propietarios do castelo que ocuparon diversos cargos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante o reinado de varios reis. O primeiro nobre documentado a mediados do século XV é Álvaro González de Ribadeneira a quen lle foron confiscados os seus bens, a fortaleza entre eles, despois da execución do mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo. No ano 1507, a familia dos Ribadeneira mercáronno de novo. O Interrogatorio do "Catastro de Ensenada" (1752-1753) fala da marquesa de Torés. Na actualidade pertence á casa de Medinaceli que recentemente asinou un convenio co Concello para cedérllelo durante vinte e cinco anos. Na actualidade só se conserva unha torre ameada de planta cadrada, duns dez metros de lado e dezaoito de alto, distribuída en tres andares e soto. O arruinado castelo, comido pola vexetación, tivo outras dúas torres unidas ás murallas. No mes de xaneiro de 2013 comezaron os traballos de limpeza da torre e do acondicionamento da contorna para facela visitable. Actualmente volve estar abandonada e en risco de derrubamento. **Propiedade privada en cesión ao Concello das Nogais. Sen Uso.**

- **Torre de Doncos** (As Nogais) Erixida sobre un outeiro rochoso na segunda metade do século XIV, á beira do río Navia e xunto unha calzada romana. Defendía a entrada a Galiza. Pertenceu aos Valcalce, pasando logo aos condes de Monterrei. No ano 1603, sendo o seu propietario Fernando de Toledo, xa ficaba medio arruinada. Do antigo castelo segue en pé a Torre da Homenaxe construída en cachotaría de lousa e perpiaños graníticos que enmarcan portas e ventás. Consta de tres plantas e soto. Salientan as ameas, unha porta alintelada con arco semicircular e as seteiras. Da primitiva construción tamén se conserva un muro de peche e un torreón de vixiancia cilíndrico. Coñecida tamén como Castelo da Anca pola lenda que narra como, durante a Reconquista, un dos trece cabaleiros que estaban para defender aos peregrinos que ían a Santiago de Compostela viu como unha parella de cristiáns era atacada por un grupo de sarracenos e como un deles tomaba prisioneira á muller, e con ela montada na anca do seu cabalo tentou fuxir. Pero cando o sarraceno xa ía ser atrapado polos cabaleiros, desenvaiñou o seu alfanxe e dun tallo degolou á moza para que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ninguén gozase da súa beleza, quedando o seu cabalo branco tinguido de sangue. **Propiedade descoñecida. Sen uso.**

- **Torre de Caldaloba** (Cospeito): A torre de Caldaloba é o último resto en pe do que noutrora foi unha fortaleza, destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu o Mariscal Pardo de Cela, tras a sua decapitazón, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernan Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega a política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en manpostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo. **Propiedade privada. Sen uso.**

- **Torre do Batallón** (Sarria): O Castelo do Batallón, como é coñecido popularmente, é a torre da homenaxe do desaparecido castelo de Sarria (Lugo). Aínda que non se coñece a data da súa construción, estímase que esta tivo lugar no século XII, a raíz do matrimonio de Guitierre Ruiz de Castro con Elvira Osorio. Cando a Gran Guerra Irmandiña (1467) o castelo foi arrasado polo levantamento popular. Tras a derrota dos irmandiños, estes foron obrigados a reconstruilo de novo. Ata o século XVII foi utilizado coma prisión e estivo habitado polo correxidor do marquesado de Sarria ata 1730. Co tempo, o castelo foi caendo no abandono, pero en 1860 o senador lucense Casiano Pérez Batallón mercouno e cubriu os foxos defensivos do castelo. Despois de pasar por mans dos marqueses de Sarria, na actualidade pertence aos herdeiros de Pérez Batallón. Dados os elevados custos de mantemento e á ausencia de axudas públicas, nestes momentos está á venda. O Castelo do Batallón é un emblema do pobo de Sarria, ata o punto de que aparece na bandeira e no escudo da vila. **Propiedade privada. Sen uso.**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Castelo de Doiras** (Cervantes): O castelo de Doiras é tamén coñecido como Torre de Ferreiras ou da Ferreiría, quizais pola súa proximidade á ferreiría de Fonquente. Sitúase a uns 745 metros de altura, dominando o río Cancelada na desembocadura do Doiras. De difícil acceso agás pola parte Sur, onde chega o camiño, sitúase sobre un rochedo converténdoa nunha fortaleza impresionante pertencente ó dominio do señor de Cervantes, o conde de Graxal de Campos, título que ata 1909 ostentou o duque de Sesto. De planta rectangular de 25 por 21 metros e muros dun grosor de metro e medio, están feitos de cachotería pizarrosa duns oito metros de altura non sendo igual en tódolos sitios debido ós desniveis do terreo. Posúe dúas torres, unha circular e a outra, a Torre do Homenaxe que se sitúa ó Leste acadando os quince metros de altura. Esta torre é rectangular de 10 por 8 metros e con muros de dous metros de grosor. A porta de entrada da á fronte do patio da honra e amosa un arco de medio punto, abríndose a unha altura de catro metros. Ademais presenta un paseo de rolda, ameas na cerca e na torre, un alxibe e diferentes dependencias. **Propiedade privada. Sen Uso.**

- **Castelo de Navia de Suarna**: Deformado castelo situado na capital do concello de Navia de Suarna. As súas orixes remóntanse ó século XI, cando Rodrigo Gutiérrez entrega a fortaleza como dote á súa muller Senior, a doncela de Suarna, no 1037. O castelo pertenceu ás liñaxes dos Osorio e os Altamira. Logo, foi destruído polos irmandiños na revolta do 1467. Trala súa reconstrución foi pasando de man en man ata dar coas poutas do cura Manuel López Ernesto quen, sen ningunha contemplación polos seus anos de historia, fixo das súas dependencias un edificio serpeante de vivendas particulares. E isto con métodos pouco tradicionais e con moi mal gusto. Unha chapuza das de catálogo. Este bloque de vivendas con historia levántase sobre unha pena de xisto á beira do río Navia e dunha ponte altomedieval de arco oxival. **Propiedade privada. Uso residencial.**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Torre de Taboi** (Outeiro de Rei): Segundo escribe Ramón Boga na súa magnífica guía, a torre de Taboi sería o primitivo predio dos Saavedra, aos que pertenceu toda a terra de Parga. Da torre-fortaleza só queda en pé a torre incompleta da Homenaxe: Amosa unha planta case cadrada de grosos muros. A un terzo de altura hai ou había unha única porta de acceso que corresponde á ponte levadiza desaparecida. A esta porta fáltanlle os seus sillares mostrando unha preocupante e alarmante derrube non moi lonxana. Nun dos paramentos, no máis alto, ábrese unha pequena xanela con lintel triangular de granito. Fáltalle o coroamento ameado, así como a bóveda que suxeitaba a terraza. Interiormente é seguro que se distribuiría a través de tres andares e soto, como parecen indicar as pegadas que quedan nos muros e que terán uns 15 metros de altura aproximadamente. O resto da construción é de cachotería pizarrosa. En resumo, a torre áchase en estado ruinoso, con grandes gretas no lateral sur. O escudo principal áchase no Museo Provincial de Lugo e un segundo escudo áchase no pazo ou "casa da Torre" do lugar. **Propiedade privada. Sen Uso.**

- **Torre de Arcos** (Chantada): único vestixio que resta do castelo de Témelos, declarada Ben de Interese Cultural o 17 de outubro de 1994.

Exemplos variados de arquitectura civil e propiedade privada cun trazo común, un grande e notorio deterioro resultado nalgúns casos do desleixo das familias propietarias ou mesmo do descoñecemento das persoas ás que pertencen, razón pola que se ve vulnerada a obriga de conservación dos bens e que motiva de maneira urxente a intervención por parte da administración en aras do interese social recollido na vixente Lei 5/2011 de Patrimonio Cultural de Galiza así como a súa posta en valor.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os procedementos administrativos precisos para garantir a conservación destes bens patrimoniais mesmo se for necesario facendo valer a expropiación forzosa daqueles que así o requerisen dacordo co disposto no artigo 51 da Lei 5/2011 de Patrimonio Cultural de Galiza.

2. Deseñar un plan plurianual para a recuperación e posta en valor dos mesmos de maneira conxunta coa Deputación de Lugo e os concellos nos que se asentan."

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2017 11:27:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 11:28
Nº Rexistro: 5848
Data envio: 01/03/2017 11:28:41.466

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2017 11:27:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2017 11:27:57

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2017 11:28:04

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2017 11:28:06

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2017 11:28:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:48
Nº Rexistro: 5852
Data envio: 01/03/2017 12:48:42.106

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa o control das visitas no Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galiza.

Os incumprimentos reiterados da propiedade do Pazo de Meirás, declarado BIC pola Xunta de Galiza e polo tanto coas obrigas de apertura ao publico que establece a Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza, foron obxecto de diferentes iniciativas por parte do Grupo Parlamentar do BNG.

Os incumprimentos veñen de vello, son reiterados, e nos últimos días os medios de comunicación facíanse eco de que nin sequera se atenden as peticións dos cidadáns que queren visitalo BIC, estando inoperativos tanto o teléfono como o fax de referencia.

Este é un feito humillante para o conxunto da sociedade que contempla atónita como os herdeiros do Ditador seguen a facer o que lles da a gana, co silencio cómplice e mesmo co consentimento por omisión do propio goberno da Xunta, facendo bo o dito de "quen cala outorga".

Este feito grave é outro desafío intolerable ao poder político galego que debería ser sancionado como se merece.

O Grupo Parlamentar do BNG non ten coñecemento de que o Goberno da Xunta teña tomado ningunha medida en relación con estas situación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:48
Nº Rexistro: 5852
Data envio: 01/03/2017 12:48:42.106

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Adoptar algunha das medidas sancionadoras previstas na Lei 8/1985 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza para o caso de graves incumprimentos no réxime de visitas, vistos os reiterados incumprimentos que se veñen producindo ano tras ano no Pazo de Meirás.

2.- Abrir o correspondente expediente para sancionar polas condutas descritas aos propietarios do BIC Pazo de Meirás.

3.- Facer cumprir a normativa que regula a apertura ao público deste espazo BIC."

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 12:48
Nº Rexistro: 5852
Data envio: 01/03/2017 12:48:42.106

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2017 12:46:22

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2017 12:46:27

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2017 12:46:31

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2017 12:46:34

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2017 12:46:36

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2017 12:46:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5858
Data envío: 01/03/2017 13:47:31.278

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O sistema público de saúde vén sufrindo nos últimos 8 anos unha saturación de recortes en recursos persoais e materiais que, como se vén advertindo continuamente, redunda nun déficit asistencial por non ter capacidade de atender correctamente a todas as demandas coa maior calidade posible.

A pesar desto, o Sergas segue mantendo algún servizo que non sofre estes recortes, como é a existencia de capeláns e espazos relixiosos católicos dentro dos centros hospitalarios. A dificultade para obter datos oficiais ao respecto impide facer un estudio preciso, pero se calculan 45 capeláns dentro da rede de hospitais, que lle supoñen á Consellería de Sanidade máis de 700.000 euros anuais para cubrir un servizo que corresponde ao ámbito persoal e privado.

Dende sempre, a apelación as tradicións e costumes serviu para continuar con este servizo, pero a actualidade de necesidade de axustar os recursos, así como a maior facilidade das persoas para verse atendidas polas distintas relixións que desexen profesar u practicar, e a condición aconfesional de España, fan innecesario este gasto directo por parte da consellería.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5858
Data envío: 01/03/2017 13:47:31.278

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retirar do sistema de saúde de Galicia os servizos relixiosos financiados polos orzamentos públicos, respectando a liberdade individual de cada persoa con respecto á relixión que desexe practicar ou a non práctica de ningunha.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:13:26

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:13:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:13:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:48
Nº Rexistro: 5864
Data envío: 01/03/2017 13:48:59.075

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Un dos problemas máis sinalados polas profesionais e polos profesionais sanitarios é a falta de suficientes recursos humanos para atender as demandas asistenciais da poboación galega. Así, as demandas sobre a eliminación da taxa de reposición do persoal, así como os déficits de profesionais que provocan perda de calidade asistencial, son un dos debates máis frecuentes sobre a situación laboral do sistema sanitario público.

No que corresponde especificamente aos médicos e médicas, Galicia ten formado nos últimos 8 anos máis de 2500 titulados e tituladas MIR. De estes, segundo os datos da propia Consellería de Sanidade e da Consellería de Facenda a través dos orzamentos, so foron contratados e contratadas de maneira estable 322 (165 en Atención Primaria e 157 en Atención especializada). Estes datos amosan dous problemas fundamentais. O primeiro, en termos de calidade da asistencia sanitaria, que apunta a un limitado proceso de incorporación de profesionais que redunda na dificultade para manter ou elevar a calidade asistencial como sinalan os colectivos profesionais. En segundo lugar, amósase un problema de desaxuste en termos de planificación e de balance no investimento en formación fronte á perda de produtividade ao non reinsertar no sistema aos formados.

No que respecta ao primeiro dos problemas sinalados, os titulados e tituladas MIR en Galicia terminan por permanecer de maneira inestable cubrindo postos eventuais en torno ao sistema sanitario, ou ben por marchar fóra, principalmente a Reino Unido e Portugal, onde son valorados polo seu nivel formativo. En menor medida tamén se atopan presentes

algúns repetindo o propio MIR para volver a ter oportunidades e continuar a súa vinculación co sistema.

En relación ao segundo problema, o malgasto ineficiente de recursos que se produce ao investir en formación universitaria de primeira calidade para os médicos e médicas, pero logo perder a súa capacidade produtiva porque estean traballando fóra cando xa están formados, resulta un buraco que é necesario estimar para coñecer o impacto real da mala planificación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un calendario plurianual para os anos 2017-2020 de incorporación dos titulados/tituladas MIR ao Sergas, mediante convocatoria pública de prazas estables que contribúan a paliar o déficit de persoal facultativo sinalado polos colectivos profesionais.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:42:48

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:42:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:43:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5870
Data envío: 01/03/2017 13:54:24.216

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Raúl Fernández Fernández,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Atendendo as advertencias de entidades como a Organización Mundial da Saúde, IRPA (International Radiation Protection Association) ou a propia Comunidade Europea na súa directiva do 21 de febreiro de 1990 (EURATOM, 1990), a inhalación de gas radón constitúe un risco para a saúde ao aumentar o risco de contraer cancro pulmonar, situándose como segunda causa de contracción desta enfermidade detrás do tabaco.

Estas últimas décadas recolléronse, na normativa de salubridade de distintos países, as sucesivas recomendacións emanadas de investigacións sobre os efectos na saúde que supón respirar en espazos pechados con presenza de gas radón.

Nese senso, o sector da edificación debe formular sistemas de protección que garantan que, a inmisión do gas ao interior dos espazos habitados, non supere os límites de concentración recomendados.

O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja, a instancias do Consello de Seguridade Nuclear, desenrolou investigacións para sentar as bases normativas destinadas a protexer ás persoas usuarias de edificios de concentracións excesivas de gas radón.

O denominador común destas normativas é a asignación de niveis límite de concentración de radón (Comisión de Comunidades Europeas, EURATOM, 1990)< 200 Bq/m³ para vivendas de nova construción e < 400 Bq/m³ para vivendas construídas, así como a intervención con solucións construtivas que reduzan ditas concentracións por debaixo dos límites seguros. En xeral contemplan ámbitos de aplicación ben relacionados coas

condicións que deben cumprir os espazos destinados a postos de traballo ou ben espazos residenciais. En particular, no referente a espazos residenciais, as condicións de salubridade na edificación para España, están recollidas no Código Técnico da Edificación (CTE) derivado da Lei de Ordenación da Edificación (LOE). Na actualidade, esta normativa **non contempla** a protección dos usuarios dos edificios fronte ao risco de habitar con excesiva concentración de gas radón en espazos cerrados.

Durante a fase de redacción do Código, o Consello de Seguridade Nuclear de España (CSN), presentou unha proposta de inclusión dun capítulo que incluíse **medidas de protección fronte a entrada de radón en edificios de nova construción,** baseada nos límites de concentración de radón aceptables propostos pola Comisión Europea.

Nesta primeira versión do Código xa aprobada, o ministerio non creu oportuno incluír aspectos relativos a protección fronte ao gas radón. Un dos argumentos para non facelo foi o de evitar unha percepción de risco na sociedade naquelas vivendas que xa estaban construídas e para as que non se tiñan datos no momento de aprobación do código de medidas correctoras probadas. Por este motivo creuse oportuna a presentación dun proxecto de investigación que se realizou baixo o amparo e subvención do Consello de Seguridade Nuclear.

No 2011 se constatou a tal fin no **"Estudio da viabilidade e a efectividade das accións de remedio fronte á presenza de gas radón nos edificios existentes"**, e mediante diversas experiencias cun módulo experimental, a idoneidade de diferentes medidas de prevención, no caso de construcións novas e de redución de emisións no caso das xa construídas.

Nas medidas baralladas de mellora do comportamento das edificacións respecto ó gas radón se contempla:

- O emprego de forxados sanitarios ventilados, de xeito natural ou preferiblemente forzado.
- A introdución de barreiras ou láminas impermeables que se interpoñan ao paso do gas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5870
Data envío: 01/03/2017 13:54:24.216

Publicáronse polo tanto unhas conclusións que falan da efectividade das solucións e da redución e control das emisións de radón case na súa totalidade.

En Galicia, **unhas 42 (das 53) comarcas galegas presentan un risco alto de concentración de radón.** Son as provincias de Pontevedra e Ourense as máis expostas de toda España, con cifras do 21 % e 32 % respectivamente de vivendas que sobrepasan os 200 Bequerelios máximos recomendados.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas poida ter esta especial presenza de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para a reducción da concentración de gas radón en vivendas, e que pasaría por:

1. A inclusión de requisitos específicos de construción na redacción das Normas de Habitabilidade de Galicia e dirixidas a mellorar o comportamento construtivo das vivendas ante as emanacións do gas radón.
2. Fomento de axudas á rehabilitación para as vivendas ou edificacións públicas xa construídas e que poidan ter valores de radiación por riba dos estándares recomendados.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5870
Data envio: 01/03/2017 13:54:24.216

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 01/03/2017 13:51:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:51:16

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:51:21

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2017 13:51:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:51:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5876
Data envío: 01/03/2017 14:01:54.372

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez**, **Patricia Vilán Lorenzo**, **Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A cooperación ao desenvolvemento debe ser unha das ferramentas de solidariedade humana que permitan axudar ao desenvolvemento daquelas sociedades que polas súas especiais circunstancias sociais, económicas, políticas ou bélicas precisan da axuda externa para garantir os dereitos inalienables que temos todos os seres humanos.

Os socialistas consideramos que o enfoque da cooperación exterior ao desenvolvemento debe ser dende criterios de urxencia, impulsando tamén os eixes tradicionais de actuación da cooperación galega, como os recollidos nos seus plans de acción, ou como en casos concretos, o apoio ao desenvolvemento do pobo saharauí.

Neste marco, "Vacacións en Paz" é un proxecto de acollida temporal de nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto, que en Galicia desenvolve Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS).

Galicia vén participando nesta iniciativa solidaria dende o ano 1991, ofrecendo ás familias saharauís a posibilidade de que as súas fillas e fillos gocen dunha estancia agradable, humana e culturalmente rica, baixo a supervisión e os coidados das familias acolledoras galegas. Este programa de estancia de nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias galegas, se leva a cabo grazas á colaboración económica da Xunta de Galicia, e o apoio dos concellos.

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada, trátase de ofrecerlles a estas nenas e nenos nados no medio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5876
Data envío: 01/03/2017 14:01:54.372

dun clima de guerra e sometidos as súas dúbidas, unha posibilidade de coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os pobos de España e o Pobo Saharauí.

A vida destes nenos/nenas, nacidos no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharauí, privada do máis elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, España representa algo especial para os saharauís polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os saharauís pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

Teñen existido numerosas trabas interferiron no bo desenvolvemento da chegada dos e das menores. O Acordo do Consello de Ministros que aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores no noso país no marco do Programa "Vacaciones en Paz", que en anos anteriores se viña adoptando a primeiros de xuño, no ano 2016 cerrouse o día 10, e ademais dilatou a publicación da correspondente Resolución da Secretaría General de Inmigración e Emigración no BOE, ata o 18 de xuño, cando había voos que tiñan a súa chegada prevista ao noso país para o día 20. A elo se uniu o retraso na xestión provocado por algunhas delegacións do Goberno que, no último momento, pediron documentación das familias que, en algúns casos, xa obraba no poder da administración, e en outros, tratábase de documentación nova , imposible de recompilar en solo unhas horas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar durante a X lexislatura o apoio económico e institucional ao Programa "Vacacións en Paz".

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España a axilización e facilitación dos trámites necesarios para a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5876
Data envio: 01/03/2017 14:01:54.372

autorización da residencia temporal de menores en España no marco do programa "Vacacións en Paz" para o próximo verán e sucesivos, así como apoiar o desenvolvemento do mesmo, en coordinación coa Xunta de Galicia, as entidades locais e o movemento asociativo.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:57:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:57:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/03/2017 13:59:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2017 13:59:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:59:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:41
Nº Rexistro: 5888
Data envio: 01/03/2017 16:41:38.206

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 28 de novembro de 2006 (e tamén no BOP de Lugo de 7 de novembro de 2006) publicouse o anuncio que literalmente se transcribe:

"ANUNCIO do 25 de setembro de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se fai público que se outorgaron tres concesións de explotación.

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo fai saber que por Resolucións do 14 de setembro de 2006 se outorgaron as tres concesións de explotación que se transcriben a continuación con expresión de nome, número, recurso, concello e cuadrículas mineiras:

Pastoriza; 5562; cuarzo; A Pastoriza e Riotorto; vinte e nove.

Alicia; 5917; cuarzo; Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba; noventa e tres.

Karles; 5919;cuarzo; Castro de Rei e Cospeito; setenta.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 101 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978".

É dicir, outorgáronse as concesións referenciadas en data 14 de setembro de 2006. A finais do ano 2012 e principios do 2013 denegáronselle todas as licencias urbanísticas para poder explotar a concesión.

En varias ocasión varios colectivos e particulares teñen solicitado a declaración de caducidade das concesións mineiras, en base a inactividade regulada na lexislación sectorial.

O artigo 109 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, sinala que as concesións de explotación de recursos da Sección c declararanse caducadas, entre outros motivos por:

d. Por incumprimento da obriga de iniciar os traballos no prazo de un ano a partir do outorgamento da concesión.

e. Por incumprimento grave ou, no seu caso, reiterado dos prazos, forma e intensidade dos traballos aprobados nos proxectos e plans de labores.

f. Por incumprimento reiterado da obriga de presentar, dentro dos prazos regulamentarios, o plan de labores anuais.

j. Por incumprimento das condicións impostas no título da concesión ou nos plans de labores anuais cuxa inobservancia estivese expresamente sancionada coa caducidade.

No caso presente concorren cando menos dúas destas causas para declarar caducada as concesións, sen embargo, a primeira solicitude de caducidade presentouse o 28/02/2013 e a última o 06/07/2015.

As caducidades non foron declaradas, nin foi contestada ningunha das solicitudes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:41
Nº Rexistro: 5888
Data envio: 01/03/2017 16:41:38.206

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a declarar a caducidade da concesión mineira a ERIMSA, publicada no DOG do 28 de novembro de 2006"

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García.

Voceiro S. do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2017 16:39:49

Antón Sánchez García na data 01/03/2017 16:40:01

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2017 16:40:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5894
Data envio: 01/03/2017 18:31:34.925

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, José Antonio Quiroga Díaz, María Concepción Burgo López, Abel Fermín Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, aprobación definitiva. DOG. núm. 36 do 26.11.2011) citan a Monforte de Lemos como sistema urbano intermedio da comunidade autónoma de Galicia, con 4 estratexias fundamentais:

1 Impulsos de iniciativas de cooperación entre concellos
2 Fortalecemento da base produtiva
3 Aumento do atractivo urbano
4 Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora do eixos de acceso ao territorio

No caso particular de Monforte de Lemos cita o seguinte:

*Monforte ten un enclave estratéxico na **rede ferroviaria** de Galicia, sobre todo no que se refire a transporte de mercadorías … Este liderado pode apoiarse co desenvolvemento de actividades e funcións vinculadas á dinamización dos activos territoriais da súa contorna. Trátase de propiciar un espazo urbano máis atractivo e mellor organizado que permita potenciar a funcionalidade de Monforte como centro loxístico, de servizos á produción, sede de iniciativas de dinamización e desenvolvemento, espazo comercial e cultural e como elemento articulador dunha nova oferta turística de natureza para a Ribeira Sacra e nas áreas montañosas próximas do Courel e do Incio.*

Pero non rematan aquí as posibilidades de Monforte, xa que o futuro sistema viario de conexión de Galicia con León mediante a autovía Ourense-Ponferrada e a autovía diagonal de Galicia, así como a modernización do trazado ferroviario, orientado preferentemente ao tráfico de mercadorías, fan de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5894
Data envío: 01/03/2017 18:31:34.925

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Monforte un lugar que no futuro pode obter vantaxes da súa situación con respecto ao sistema de cidades galego e ao sistema portuario atlántico.

Estamos a falar dun ámbito xeográfico vertebrador da provincia de Lugo e como tal ten que ter un pulo importante nos investimentos das administracións públicas con competencias nos ámbitos da rede ferroviaria e do transporte por estrada.

O porto seco de Monforte de Lemos non está en funcionamento, polo que un investimento público importante non se está a utilizar, coa conseguinte ineficacia no investimento dos cartos públicos.

No mes de decembro do ano 2016 preséntase ao Eixo Atlántico un informe sobre o porto seco de Monforte, elaborado polo catedrático de Infraestruturas dos Transportes don Miguel Rodríguez Bugarín, don Fernando Gonzalez Laxe, catedrático de Economía Aplicada na Universidade da Coruña, e por Carmen López Rodríguez, presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios e experta en Emprendedurismo que nas súas conclusións enumera, entre outras, as seguintes necesidades:

"1º) Modernizar a conexión Monforte-Palencia para permitir a conexión coa rede transeuropea procedente de Aveiro.

2º) Modernización das conexións interiores de Galicia para favorecer o acceso das mercadorías a Monforte.

3º) Deseñar un plan de apoio á industria autóctona e especialmente no sector agropecuario."

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5894
Data envío: 01/03/2017 18:31:34.925

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo de maneira inmediata a execución das melloras nos accesos do porto seco de Monforte coa estrada N-120, e dote o porto seco dos medios necesarios para o seu funcionamento a través dun operador loxístico.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle demande a mellora da liña ferroviaria de mercadorías Monforte-Ponferrada-León e Palencia, e a execución da autovía A-76 Ponferrada-Ourense, unindo as cidades de Ponferrada (León) e Ourense a través do Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/03/2017 18:18:19

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/03/2017 18:18:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/03/2017 18:18:44

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2017 18:18:55

María Luisa Pierres López na data 01/03/2017 18:19:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 18:19:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5896
Data envío: 01/03/2017 18:37:47.362

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 16 de febreiro, por unanimidade, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Donostia en relación con varios artigos da Norma Foral 16/1989, do 5 de xullo, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do territorio histórico de Guipúzcoa.

A Norma cuestionada establece un imposto sobre a plusvalía dos terreos de natureza urbana que se devenga no momento da venta e que se calcula de forma obxectiva a partir do valor catastral e dos anos de tenencia do terreo (entre un mínimo de un e un máximo de vinte), con independencia do verdadeiro resultado económico da operación.

O Tribunal Constitucional considera contrario ao principio de capacidade económica previsto no artigo 31.1 da Constitución española tributar cando a venta do inmoble non ten proporcionado ganancias, algo que ten sucedido de forma frecuente nos últimos anos, como consecuencia da crise.

A resolución determina que *"en ningún caso poderá o lexislador establecer un tributo tomando en consideración actos ou feitos que non sexan expoñentes dunha riqueza real ou potencial"*. É dicir, o Constitucional considera inconstitucionais os impostos que afecten a *"aqueles supostos nos que a capacidade económica gravada polo tributo sexa, non xa potencial, senón inexistente, virtual ou ficticia"*. Polo que se está sometendo a tributación situacións de feito que non expresan a capacidade económica, ou que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que a Constitución garante no artigo 31.1.

Indica tamén o Tribunal Constitucional, que corresponde ao lexislador, a partir da publicación da sentenza, facer as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5896
Data envio: 01/03/2017 18:37:47.362

O fallo estima parcialmente unha cuestión de Inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Donostia en relación con varios artigos dunha norma foral que regula a plusvalía no Territorio Histórico de Guipúzcoa, pero, cabe esperar que o Tribunal se pronuncie proximamente no mesmo sentido respecto da normativa estatal, cuxa redacción é idéntica, anulando e declarando a inconstitucionalidade en termos similares dos artigos 107.1, 107.2.a) y 110.4 da Lei reguladora das facendas Locais, aprobada por el Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao estar pendente de fallo a cuestión formulada por un xulgado de Madrid en auto do 15 de decembro de 2015.

Polo que se fai necesario revisar e analizar os procedementos iniciados ou pendentes de iniciar por aqueles contribuíntes que teñan transmitido inmobles urbanos xerando unha minusvalía nos últimos anos, e que teñan impugnado (ou vaian impugnar) a liquidación do IIVTNU correspondente.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

a) Un acordo cos concellos sobre as adaptacións necesarias da normativa estatal do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) co fin de evitar a aplicación automática naqueles casos en que non se teña producido o incremento do valor que constitúe o feito impoñible do dito imposto.

b) Un acordo, no marco da revisión do financiamento local, sobre unha reforma global do imposto que permita que a forma de cálculo da cota tributaria reflicta de maneira fiel o incremento real do valor dos terreos, tendo en conta o ano no que se estableceu o valor catastral ou os indicadores que reflictan dun xeito adecuado a evolución real do valor dos terreos nos que se atopan os inmobles. Todo isto, asegurando, en calquera caso, que os cambios non se traduzan nunha mingua global de ingresos para os concellos.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que colabore cos concellos galegos para establecer os mecanismos que permitan atender as reclamacións dos contribuíntes da maneira máis eficaz posible, poñendo en marcha fórmulas que eviten a xudicialización dos procedementos, que provocarían unha saturación dos tribunais.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5896
Data envio: 01/03/2017 18:37:47.362

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2017 18:35:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/03/2017 18:35:52

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/03/2017 18:36:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 18:36:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 18:36:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:26
Nº Rexistro: 5949
Data envío: 02/03/2017 13:26:48.259

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou sentenza o 23 de novembro de 2016 contra a Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia na que se informaba á persoa reclamante de que dispuña de 6 meses de prazo para constituír un fogar independente e que no caso contrario se procedería a retirarlle a RISGA. A demandante compartía domicilio con outra persoa que non formaba parte da unidade de convivencia beneficiaria e que tamén é perceptora da RISGA.

O 23 de novembro de 2015, a Dirección Xeral de Política Social notificoulle á demandante que, conforme á nova regulación, como norma xeral só procedía conceder unha renda de integración por domicilio, de xeito que dispuña de seis meses para constituír un fogar independente ou se extinguiría o dereito á prestación.

Efectivamente, a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 11 di:

"Artigo 11. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:26
Nº Rexistro: 5949
Data envío: 02/03/2017 13:26:48.259

1. Como regra xeral concederase unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación.

2. Para os efectos do previsto nesta lei considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente."

Tras analizar a aplicación do artigo 11 ao caso concreto da persoa demandante, conclúe a sentenza que "Sería inverosímil que dúas persoas que perciben sendas prestacións (persoais e intransferibles, di o art. 6.3) para eludir a súa exclusión social tiveran que eludirse mutuamente para non incorrer en esaxerada inclusión" e declara "contraria ao ordenamento xurídico a condición imposta á demandante na resolución recorrida – constituír un fogar independente no prazo de seis meses – para non sufrir a extinción da prestación".

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a presentar ante o Parlamento, neste período de sesións, un Proxecto de Lei de Modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia que recolla o sentido e interpretación da sentenza nº 389 que o Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou o 23 de novembro de 2016 contra unha Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:26
Nº Rexistro: 5949
Data envio: 02/03/2017 13:26:48.259

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira,

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 13:24:34

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 13:24:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:29
Nº Rexistro: 5951
Data envío: 02/03/2017 13:29:00.244

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

No mes de decembro, preto da campaña do nadal, a ría de Corcubión sufriu un peche por un vertido de gasóleo procedente dunha caldeira do CEIP Praia de Quenxe, coas conseguintes perdas económicas derivadas de tal peche.

A día de hoxe, temos que lamentar un novo peche para a navalla e longueirón, como consecuencia da presenza de hidrocarburos. Así pois, todas as zonas de traballo desde Fisterra ata Carnota, agás o banco do Castelo, están pechados. Faise preciso determinar a orixe da presenza de tales hidrocarburos e se dalgún xeito está relacionada co vertido acaecido no mes de decembro. Así como, a conexión entre tal presenza e o peche actual, habida conta que as navallas e os longueirións viven enterrados na area.

A todo isto é preciso sumar a imposibilidade de traballar debido ao mal tempo das últimas semanas, amais de que, precisamente, estes peches coinciden con xornadas de bo tempo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Realice un estudo co fin de establecer unha canle de axudas económicas que axuden a paliar os efectos negativos que os sucesivos peches obrigatorios da ría de Corcubión (no caso de accidentes ou problemas alleos aos recursos e ao seu entorno) están a producir para os mariscadores e mariscadoras que teñan esta actividade como principal.

2º) Realice un estudo que investigue as sucesivas presenzas de hidrocarburos na ría de Corcubión.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:29
Nº Rexistro: 5951
Data envio: 02/03/2017 13:29:00.244

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/03/2017 12:43:05

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 12:43:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 12:43:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:44
Nº Rexistro: 5958
Data envío: 02/03/2017 13:44:01.994

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse na nosa Comunidade Autónoma 52 mortes en accidentes de traballo. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro deste 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles considerados graves.

Galicia soporta un índice de mortandade no traballo moi superior ao do conxunto do Estado. Esta realidade contrasta co feito de que na nosa Comunidade Autónoma se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 foron un total de 24.411, ao redor do 5 % dos rexistrados no conxunto de España (449.223). Pola contra, as mortes superaron amplamente o 10 % do total (57 de 500).

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores. O Grupo Parlamentario Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

A través dos medios de comunicación coñecíamos que o pasado día 27 de febreiro, unha operaria da subcontrata UTE Valtavia, que realizaba as súas funcións na planta de tratamento de residuos de Sogama, situada en

Cerceda, falecía a causa dun accidente de traballo tras quedar atrapada nunha máquina de tratamento de residuos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral) a realización por parte dos técnicos e técnicas de prevención ao seu servizo no prazo máximo de seis meses, dun exhaustivo informe de seguridade e saúde laboral de todas as instalacións da planta de residuos de Sogama situada en Cerceda, así como do vertedoiro de Areosa.
    1.1 Dito informe será entregado aos delegados/delegadas de prevención, ás e aos responsables de cada unha das plantas da instalación, así como posto a dispor de todos grupos parlamentarios.
    1.2 Garantir que á maior brevidade posible, se van a subsanar as deficiencias en materia de seguridade e saúde recollidas en dito informe, así como as medidas correctoras propostas polos técnicos e técnicas independentes do ISSGA.
    1.3 Incrementar a periodicidade das inspeccións de seguridade e saúde en todas as instalacións da planta de residuos de Sogama situada en Cerceda, así como no vertedoiro de Areosa.
2. Potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral para que se desenvolva coherentemente e de xeito coordinado as políticas en materia de prevención de riscos laborais, co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:44
Nº Rexistro: 5958
Data envío: 02/03/2017 13:44:01.994

3. Incrementar durante a X lexislatura o orzamento dedicado á prevención de riscos laborais,concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral, mediante a participación dos axentes sociais,ata os niveis do ano 2011.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 13:41:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 13:41:48

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 13:41:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 13:41:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 5971
Data envío: 02/03/2017 16:58:29.369

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Nos derradeiros anos producíronse importantes avances que contribuíron a unha mellora da situación social da poboación xitana, e das súas condicións de vida.

No ámbito da participación destaca a creación no ano 2005 do Consello Estatal do Pobo Xitano. Respecto do recoñecemento da súa cultura e a posta en valor da súa contribución á cultura española cabe citar a posta en marcha da Fundación Instituto de Cultura Xitana no ano 2007. Tamén en 2007 creouse o Consello para a Promoción da Igualdade de Trato e non Discriminación das Persoas pola Orixe Racial ou Étnica, en cuxo seo se atopan representadas asociacións de defensa dos intereses da comunidade xitana.

En 2010 o Goberno de España aprobou o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012.

O 5 de abril de 2011 a Comisión Europea publicou a Comunicación sobre o Marco da Unión Europea (UE) para as Estratexias Nacionais de Inclusión da Poboación Xitana ata 2020, no que establece por primeira vez un marco común para o desenvolvemento de medidas e políticas no ámbito nacional a partir de enfoques, obxectivos e ámbitos de traballo compartidos por todos os Estados membros da UE. Este novo marco europeo obrigaba a todos os Estados membros a presentar as súas propias Estratexias Nacionais para cumprir con obxectivos comúns. Tendo como antecedente o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012, o 2 de marzo de 2012 aprobouse a 'Estratexia para a inclusión da poboación xitana en España 2012-2020'. Esta estratexia debía ser a folla de ruta definitiva para avanzar na inclusión social da poboación xitana e reducir as

diferenzas e desigualdades que aínda hoxe se manteñen co resto da cidadanía.

Asemade na nosa Comunidade Autónoma, na Estratexia de Inclusión Social de Galicia enmárcase a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, que complementa ditas accións coas actuacións dirixidas á poboación xitana de maneira específica. Do mesmo xeito que a estatal, a estratexia contempla 6 ámbitos de intervención: educación, emprego, vivenda, saúde, servizos sociais e participación e imaxe social, e hai unha previsión de desenvolver mediante plans bianuais que perrmitan facer unha avaliación continúa das actuacións previstas na mesma.

No período 2007-2013, a causa do contexto de crise económica, o desemprego da poboación xitana española incrementouse un 22,6 %, a salarización diminuíu máis do 10 % e a taxa de traballadores/as autónomos/as incrementouse en 11 puntos. Por outra banda, Galicia segue a rexistrar unha das máis altas taxas de chabolismo da poboación xitana en España, ao situarse 18 puntos por riba da media nacional. Ademais, a desvantaxe educativa da poboación xitana en Galicia é moi grande: só un 11 % dela completou educación secundaria ou superior mentres que neste caso se atopa o 58 % da poboación galega maior de 15 anos. E as mulleres xitanas experimentan máis dificultades para proseguir os estudos. É importante destacar tamén, respecto da saúde, que a poboación xitana se estima que ten unha esperanza de vida entre 10 e 20 anos por debaixo da establecida para o conxunto da poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar durante o ano 2017 a Estratexia Galega de Apoio a Poboación Xitana.

1.1 O obxectivo da mesma será o de mellorar a calidade de vida destas persoas, promover a súa integración económica e social, favorecer a participación social, e combater situacións de discriminación e racismo, a través de proxectos de integración social de carácter integral.

1.2 Dito documento elaborarase coa colaboración e previa consulta da comunidade xitana residente en Galicia, de acordo co mandato do Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia, e contará con indicadores de avaliación das actuacións realizadas ao seu amparo.
1.3 Darase traslado de dito documento á Cámara galega para o seu debate e aprobación final.
1.4 A Estratexia contará cun compromiso orzamentario anual non inferior a 1.000.000 de euros ata o seu remate.

2. Poñer en marcha políticas de fomento do emprego, con recursos suficientes e con especial tratamento a aquelas persoas con maiores dificultades de acceder ao mercado laboral.
3. Adoptar medidas que garantan o acceso de todos a un tempo vivenda digna, así como a erradicación das situacións de infravivenda e chabolismo.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/03/2017 16:55:34

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 16:55:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 16:55:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:29
Nº Rexistro: 5984
Data envío: 02/03/2017 17:29:12.400

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez** e **José Manuel Pérez Seco,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Segundo a Organización Mundial da Saúde, uns 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse expostas ao amianto no seu lugar de traballo, ás que habería que engadir as expostas en razón da veciñanza e doméstica. A mesma fonte indica que cada ano morren no mundo máis de 100.000 persoas por patoloxías derivadas da dita exposición. Os propios Parlamento e Consello Europeo, na Directiva 2003/18/CE, estableceron medidas de protección das/dos traballadoras/traballadores sometidos ao amianto no seu labor.

O dano causado polo amianto é tan inmenso e inhumano para milleiros de persoas que nada pode reparar a agresión xerada; terribles efectos patolóxicos físicos e un dano moral que precisan ser reparados, un sufrimento psicolóxico terrible provocado por unha enfermidade con síntomas previsibles pero invisibles ata o irremediable.

Por desgraza, Ferrol é o lugar de Europa con máis casos rexistrados de persoas afectadas polo amianto, concretamente polo mesotelioma, unha enfermidade vencellada en máis do 90 % á exposición de amianto. Os estaleiros de Ferrol teñen sido un escenario de exposición cruenta ao amianto durante moitos anos. Dende a ditadura, milleiros de traballadores e traballadoras -incluso dende a adolescencia cando entraban aos 14 anos na escola de aprendices da antiga "BAZÁN"- exercían os seus oficios sen información, sen medidas de seguridade e condenados de antemán.

Esta situación deu lugar a que se puxese en funcionamento a unidade de atención ás e aos doentes afectados polo amianto no hospital "Arquitecto Marcide" de Ferrol, unha unidade que atende a máis de 1000

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:29
Nº Rexistro: 5984
Data envío: 02/03/2017 17:29:12.400

enfermas/enfermos diarios e que está desbordada, con listas de espera con varios meses de demora nunha patoloxía onde o atraso de atención conduce indefectiblemente á morte.

A pesares de que hoxe está máis que acreditada a relación causa-efecto entre a exposición ao amianto e a aparición e desenvolvemento de cancro, especialmente de pleura ou pulmón, as traballadoras e os traballadores vense abocados a pasar por un calvario de procesos xudiciais, nos que xa é frecuente ver ás e aos demandantes profundamente diezmados pola patoloxía ou incluso ver ás súas viúvas. É básico que as enfermidades por amianto sexan tratadas como enfermidades profesionais e non comúns e así non haberá diferenzas entre as persoas enfermas en función da empresa onde traballaban ou o lugar onde residan.

Resulta de xustiza que quen non tomou as medidas para evitar a exposición das e dos traballadores ao amianto e quen ocultou os efectos letais desta substancia tóxica repare, na medida en que poida ser reparada, a vida das persoas. Precisamente iso é o que vén reivindicando dende hai anos a "Asociación Galega de Vítimas do Amianto". Porque o Parlamento de Galicia está para responder ás necesidades das persoas que sofren enfermidades derivadas do amianto. Esta abordaxe debería contemplar a prevención, o acceso a un diagnóstico precoz e o tratamento, así como a atención sociosanitaria, ademais do seu recoñecemento como enfermidade profesional con efecto invalidante.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facer súas as reivindicacións da Asociación Galega de Vítimas do Amianto e, na súa virtude:

1. Facer da unidade de atención ás persoas doentes afectadas polo amianto do Hospital "Arquitecto Marcide" de Ferrol un referente no que poidan ser tratados todas e todos os traballadores expostos ao amianto na súa vida laboral.

2. Instar ao Goberno de España que as resolucións dos *Equipos de Valoración de Incapacidades (EVIS)* teñan un criterio unificado no relativo ao recoñecemento como invalidante o simple feito de padecer a enfermidade profesional do mesotelioma, enfermidade vencellada en máis do 90 % á exposición de amianto.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:24:54

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 17:25:00

Noela Blanco Rodríguez na data 02/03/2017 17:25:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2017 17:25:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:25:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:34
Nº Rexistro: 5990
Data envio: 02/03/2017 17:34:31.087

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que "*As corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario*", mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario, sinala que "e*ste destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda*"

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-Lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.

- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.

- Destinar o sobrante a amortizar débeda.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:34
Nº Rexistro: 5990
Data envío: 02/03/2017 17:34:31.087

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A Administración local é a administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local no seu conxunto xa acadou o 3 % fixado para 2020, e o superávit das entidades locais achega ao cómputo total de España medio punto do PIB, cumprindo co teito de gasto e pagando en prazo aos seus acredores.

Polo tanto, o Goberno debe atender as demandas do conxunto dos concellos, tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do pasado 30 de novembro, que lles permita empregar o superávit, que este ano é de aproximadamente 4.500 millóns de euros.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista, solicita a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que, a través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2017 sen a necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:33:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2017 17:33:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:33:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:33:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:33:40

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:37
Nº Rexistro: 5991
Data envío: 02/03/2017 17:37:02.587

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **María Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En Galicia, hai órganos xudiciais que están a ter problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación instalado dentro das salas de vistas para documentar, tanto en audio como en vídeo, todas as sesións.

A Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra é un deses órganos xudiciais con problemas, que o día 23 de febreiro deixou de gravar a seis testemuñas dun xuízo, polo que non quedaron nin audio nin vídeo que gardasen o acontecido na sala porque, dende a posta en marcha destes sistemas de gravación, os letrados/letradas da Administración de Xustiza xa só levantan actas concisas, sendo acta a propia gravación. Nesta sección (que ten un merecido recoñecemento do CGPJ por ser a Sección Penal de Audiencia Provincial máis eficiente de España), o extremo destas complicacións está nas dúas sentenzas pendentes de se ditar por non poder gravar ningunha parte dos xuízos correspondentes.

Solucionar estes problemas técnicos e as dificultades co sistema de videoconferencia é responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solucionar, de maneira definitiva e inmediata neste primeiro trimestre de 2017, os problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos que están a ocorrer en Galicia.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:34:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:34:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:34:15

María Luisa Pierres López na data 02/03/2017 17:34:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:34:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:45
Nº Rexistro: 5998
Data envío: 02/03/2017 17:45:57.900

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Nos xulgados de A Parda (Pontevedra) non hai espazo nin persoal técnico especializado en expurgos para os arquivos e os documentos están esparexidos polo chan, almacenados en andeis, en mesas e en sitios de paso:

1. Non hai persoal especializado; nestes momentos, hai só unha persoa (bolseira) encargada dos labores de expurgo en todo o edificio.
2. Nos Xulgados de Primeira Instancia nº 2 e 5, as caixas moran debaixo das mesas dos traballadores e traballadoras e ata se ten habilitado un cuarto aparte para gardar a documentación.
3. E os letrados/letradas da Administración de Xustiza (os/as antigos/antigas secretarios/secretarias) non poden garantir así a seguridade no tratamento dos documentos.

Existe un Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de Modernización dos Arquivos Xudiciais, no que se establecen criterios para ordenar os documentos e onde se recolle expresamente a necesidade de locais axeitados para toda a documentación (escrita e dixital). Incluso o vicepresidente da Xunta de Galicia fai gala sempre que pode do expurgo que se está a facer, non só en Pontevedra, senón tamén en toda Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:45
Nº Rexistro: 5998
Data envío: 02/03/2017 17:45:57.900

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir o Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, garantindo así absolutamente a seguridade no tratamento de todos os documentos.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:41:05

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:41:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:41:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:41:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:11
Nº Rexistro: 6006
Data envio: 02/03/2017 18:11:27.166

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARALMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estanse a executar as obras de mellora da estrada PO-308 dende a rotonda de acceso á vía do Salnés ata o lugar de Soutullo. Un tramo de 2,77 Km. adxudicado á empresa "Taboada y Ramos" por un total de 2,4 millóns de euros. Esta é a primeira fase dun proxecto de seguranza viaria moito máis amplo que debería continuar ao longo de toda a mencionada estrada.

Falamos dunha zona altamente concorrida nos meses do verán, que soporta unha gran cantidade de tráfico e peóns que acoden aos areais e a visitar os lugares de interese turístico, así como os distintos establecementos hoteleiros, cámpings ou de restauración e ocio. Unha vía con enormes carencias en seguranza viaria.

A veciñanza da zona afectada está poñendo a voz de alarma sobre a execución das obras. Estanse a verter escombros e remover as dunas nunha parcela chamada "Con do paxaro" que está protexida, entre outras figuras, pola Rede Natura, e que a empresa construtora está a utilizar como simple vertedoiro. Esta parcela, pertencente á comunidade de montes de Noalla, é un lugar de grande carácter simbólico. Alí se atopa o Con coa figura do Cormorán na cima. O espazo do que falamos, ademais de parte do complexo granítico é unha zona que precisa da protección e os plans de recuperación axeitados como parte da Rede Natura 2000.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:11
Nº Rexistro: 6006
Data envío: 02/03/2017 18:11:27.166

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A situación fai que os veciños e veciñas estean a solicitar a catalogación do conxunto granítico e a paraxe do Cormorán en Patrimonio para así poder protexer de agresións medioambientais e, sobre todo, de intereses especulativos este importante entorno de enorme valor ambiental, patrimonial, cultural e paisaxístico, nunha zona onde o turismo é o seu principal sector estratéxico.

Teñamos en conta que falamos do espazo dunar da famosa praia da Lanzada protexido por Costas e pola Rede Natura 2000, de gran valor emblemático e cultural. Un conxunto granítico hábitat de especies protexidas como as luciérnagas, que se ía recuperar na III fase de rexeneración da Lanzada, un proxecto este que ademais supoñía unha mellora nos accesos e a seguridade vial do colexio público Noalla-Telleiro.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a iniciar un expediente sancionador pola agresión ambiental na parcela do "Con do paxaro" e a preparar un plan de recuperación deste espazo protexido pola Rede Natura 2000"

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:11
Nº Rexistro: 6006
Data envio: 02/03/2017 18:11:27.166

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 02/03/2017 18:09:03

Antón Sánchez García na data 02/03/2017 18:09:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:28
Nº Rexistro: 6012
Data envío: 02/03/2017 18:28:32.945

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pobreza laboral debería ser un oximorón, pero non o é. É cada vez menos.

A triste figura da persoa que traballando é pobre, que pensábamos quedara atrás na parte mais escura da nosa historia, volve a estar presente na actualidade.

Durante décadas foron conceptos incompatibles, unha persoa con traballo non era pobre, porque os pobres eran en todo caso os excluídos do mercado laboral.

Agora, grazas á xestión neoliberal da gran recesión, por culpa da devaluación salarial, da desigualdade, da precariedade laboral, o traballo por horas, o traballo en actividades de baixo valor.... volve haber traballadores pobres en Galicia e no Estado.

Pobreza laboral que se pode medir. Cos datos de Eurostat están en situación de risco de pobreza laboral o 13,1% das persoas con traballo en España, a taxa máis alta dos 28 países da Unión Europea, só por detrás de Romanía.

Son datos de 2015 e, polo tanto, tendo en conta que o volume medio de ocupados dese ano foi de 18 millóns de persoas, as persoas traballadoras en risco de pobreza chegan a case 2,5 millóns. Utilizando a mesma porcentaxe para Galicia, en 2015 houbo de media 1.017.000 persoas ocupadas e, polo tanto, as persoas con traballo en risco de pobreza son case 140.000 no noso país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:28
Nº Rexistro: 6012
Data envío: 02/03/2017 18:28:32.945

Pobreza laboral vinculada aos baixos salarios e á precariedade laboral, ás persoas que rotan entre o desemprego e o traballo temporal, a tempo parcial ou só a ter acceso a un emprego uns meses ao ano.

Cos datos da Axencia Tributaria sabemos que no ano 2015 en Galicia traballaron nalgún momento do ano 1 millón de persoas como asalariadas, con elevadas diferenciais entre os ingresos obtidos por cada grupo.

En concreto, 185.000 persoas cobraron menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. Outras 126.000 ingresan entre a metade e o SMI, de tal forma que 311.000 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia gañaron menos que o SMI de 2015.

Nese ano, o SMI estaba en 645,20 euros brutos ao mes, unha cifra que logo de descontarlle a cotización á Seguridade Social sitúase por baixo dos 600 euros mensuais.

Polo tanto, o 31% das persoas que traballan como asalariados en 2015 están por baixo do limiar da pobreza: 1 de cada 3 son traballadores pobres, porque non poden vivir de modo independente cos ingresos derivados do seu traballo.

Outra fonte estatística oficial que permite medir con precisión a pobreza laboral en Galicia e o decil salarial que proporciona a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Para o ano 2015 o IGE estima que o 10% dos asalariados con menores ingresos cobran un salario de 434 euros brutos en 12 pagas, isto é, 372 euros en 14 pagas. A diferenza dos datos da Axencia Tributaria estes son ingresos en media anual, traballando todos os meses do ano.

O segundo decil con menos ingresos ten un salario medio de 827 euros/mes brutos en 12 pagas, isto é, 708 euros mes antes dos descontos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:28
Nº Rexistro: 6012
Data envío: 02/03/2017 18:28:32.945

Polo tanto, o 20% dos asalariados galegos son traballadores pobres: 1 de cada 5 non pode vivir co seu salario.

Aínda hai un terceiro decil que bordea a pobreza laboral, porque outro 10% ten de ingresos medios 1.088 euros/mes brutos en 12 pagas, que equivalen a 932 euros/mes brutos, que despois das cotizacións e impostos se sitúan no entorno dos 850 euros/mes, unha cifra que bordea o limiar da pobreza.

A análise da composición do decil 1, os que menos cobran, fai unha radiografía precisa das razóns que están detrás da pobreza laboral: 0 80% do decil está composto por mulleres, o 92% traballa a tempo parcial, o 47% ten menos de 39 anos, o 95% é español ou ten dobre nacionalidade, o 50% ten educación primaria, o 94% traballa nos servizos, o 97% está no sector primario, o 51% ten un contrato temporal.

A análise dos decis inferiores dános idea de quen sofren máis a desigualdade. As coordenadas que os definen son o traballo a tempo parcial, en sectores dos servizos de baixo valor engadido, prestados fundamentalmente por mulleres, na súa maioría novas, que traballan en empresas do sector privado de pequeno tamaño, cun contrato temporal, con moita rotación e, polo tanto, con carreiras profesionais curtas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia contra a pobreza laboral, consensuada con empresarios e sindicatos, que remova as causas que están detrás dunha situación inaceptable.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas — Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P de En Marea — Voceiro do GP de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 18:28
Nº Rexistro: 6012
Data envío: 02/03/2017 18:28:32.945

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 02/03/2017 18:27:21

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 18:27:29

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
0 3 MAR. 2017
Núm. 6050

CEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 3 MAR. 2017
SAÍDA
Num. 316

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª, Educación e Cultura, e a petición propia, do secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar sobre **"as actividades de promoción e dinamización da lingua galega".**

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
06 MAR. 2017
Núm. 6092

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 6 MAR. 2017
S A Í D A
Num. 321

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para informar sobre "**As liñas estratéxicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no ano 2017**".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 10:53
Nº Rexistro: 5656
Data envío: 24/02/2017 10:53:36.013

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN,** sobre a convocatoria de oposicións no ensino público no presente 2017.

Os servizos públicos galegos acumulan dúas lexislaturas de recortes brutais especialmente intensos no que atinxe ó ensino público, que foi a área máis prexudicada polos recortes de persoal da Xunta durante a crise-estafa, chegando a perder 1200 efectivos entre o 2009 e o 2016, segundo datos do Ministerio de Facenda.

Xunto co discurso da recuperación viñeron anuncios de convocatorias públicas de emprego, así foi no ano pasado, que no presente, semella van quedar en meros anuncios propagandísticos.

E é que despois de anuncios reiterados por parte do Presidente da Xunta e da Consellería dunha oferta de aproximadamente mil prazas no ensino público para vinte cinco especialidades, milleiros de opositores e opositoras no país ven con incerteza como o goberno do estado decide tomalos de reféns dunha negociación política para aprobar os orzamentos xerais do Estado.

Tendo en conta as previsións de negociación orzamentaria e o calendario escolar, ofertar postos de profesorado pasado xuño fai case imposible que os docentes estean nas súas prazas en setembro polo que entrariamos nun curso máis sen a cobertura de prazas nin a estabilización necesaria do persoal interino que está xa no 12%, case tres veces máis que en 2009.

Deste xeito non só se está xogando coas expectativas laborais do persoal interino e opositores, senón que se menoscaba, unha vez máis, a calidade do ensino público.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 10:53
Nº Rexistro: 5656
Data envio: 24/02/2017 10:53:36.013

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Interpelación:

1.) Cando ten previsto a Consellería de Cultura, Educacion e Ordenación Universitaria convocar as oposicións anunciadas?

2.) Non considera a Consellería necesario dar certeza as miles de persoas que preparan esas oposicións?

3.) Que opinión lle merece ao goberno da Xunta esta chantaxe?

4.) Acaso as necesidades do ensino público galego poden usarse como moeda de cambio entre os partidos políticos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/02/2017 10:51:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/02/2017 10:51:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5674
Data envío: 24/02/2017 14:26:19.966

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

Con data 15 de febreiro pasado houbo unha resposta da Xunta de Galicia á pregunta con resposta oral en Pleno núm. 902 do Grupo Parlamentario Popular, convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións, sobre "o estado de execución dos obxectivos reflectidos no Plan de mellora da contratación pública".

Nesta resposta afirmase que as medidas incluídas no dito plan están "practicamente finalizadas e se prevé que o seu total desenvolvemento se remate no ano 2017".

O eixo 5 deste plan recolle medidas específicas que pretenden impulsar a transparencia, a avaliación de resultados, a estandarización de procedementos e a adopción de boas prácticas no eido da contratación pública. Estas medidas refírense a un sistema de avaliación do seguimento das guías, a elaboración de modelos de pregos, instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos ou un novo decreto do Rexistro de Contratos, pero non recolle ningunha medida concreta de loita contra a fraude nas licitacións.

Por iso, en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude na contratación pública.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calcula que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que supera incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver totalmente os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Sendo, polo tanto, unha prioridade absoluta a loita contra as manipulacións nas licitacións públicas, que inundan medios de comunicacións e xulgados, a CNMC vén de aprobar unha Guía contra a fraude na licitación pública, ofrecendo aos poderes adxudicadores un decálogo de indicios de posible manipulación nas licitacións.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Ten realizado o Goberno galego unha avaliación daquelas prácticas que, conforme aos indicios de posible manipulación nas licitacións identificados pola CNMC, poidan estar distorsionando ou alterando a contratación pública autonómica?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 14:09:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 14:09:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 14:09:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 5703
Data envío: 27/02/2017 11:22:30.043

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación …

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443…

O Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos) …

E que dicir "da abundancia" de chalecos antibalas en todos os casos …

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 5703
Data envío: 27/02/2017 11:22:30.043

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coincide o Goberno galego coa denuncia do Sindicato Unificado de Policía sobre que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos?
2. Que valoracións fai o Goberno galego sobre que haxa máis de 600 prazas sen cubrir?
3. Que valoracións fai o Goberno galego sobre que se teñan disolto grupos de investigación?
4. Que valoracións fai o Goberno sobre que Galicia sexa a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías nacionais?
5. Está satisfeito o Goberno galego con estes datos?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:18:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:18:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 5703
Data envio: 27/02/2017 11:22:30.043

Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:18:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:25
Nº Rexistro: 5709
Data envío: 27/02/2017 11:25:20.277

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación …

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443…

O Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos)…

E que dicir "da abundancia" de chalecos antibalas en todos os casos …

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coincide o Goberno galego co Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia en canto a que se pide a posibilidade de mancomunar servizos?

2. Vai aportar o Goberno galego máis financiamento para a adquisición de medios materiais a este corpo?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:17:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:17:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:17:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 5719
Data envio: 27/02/2017 11:42:59.574

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nestes últimos tempos, a Garda Civil ten manifestado as súas precarias condicións laborais, profesionais e de exercicio dos seus dereitos. Así, a Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) e moitas cousas máis.

Entre as demandas, figuran condicións laborais dignas, xornada de traballo, mellora retributiva, formación, incremento de medios materiais e carreira profesional. Reclaman a prevención eficaz de riscos laborais, medidas de conciliación familiar e un marco de diálogo, pois resulta inaceptable que os representantes do colectivo estean sometidos a expedientes disciplinarios por facer o seu labor. Mais a aprobación do Código Penal Militar de 2016 e que incluíu no seu ámbito de actuación á Garda Civil foi un tremendo paso atrás pois, pese á natureza militar da Garda Civil, a meirande parte das súas funcións son de carácter policial.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cre o Goberno galego que a aprobación do novo Código Penal Militar supuxo un paso atrás incluíndo no mesmo á Garda Civil?

2. Apoia o Goberno galego a reforma do novo Código Penal Militar impulsando que, na aplicación deste texto para os gardas civís no seu

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

labor cotiá como corpo de seguridade, sexa regulado cos criterios de aplicación acordados polo lexislador de 2007?

3. Cal é a opinión do Goberno galego sobre que se estea a usar a potestade disciplinaria contra dirixentes de asociacións de gardas civís por exercer o seu dereito de asociación profesional e defender os dereitos económicos, sociais e profesionais dos seus membros?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:35:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:35:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:35:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5728
Data envío: 27/02/2017 11:49:46.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policías nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación …

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade Autónoma uns 4000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443…

O Sindicato Profesional de Policías Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos)…

E que dicir "da abundancia" de chalecos antibalas en todos os casos …

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5728
Data envío: 27/02/2017 11:49:46.996

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade Autónoma con menor cifra relativa de policías e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coincide o Goberno galego coas denuncias de todas as organizacións de Corpos de Seguridade da nosa Comunidade Autónoma?
2. Que valoracións fai o Goberno galego sobre as mesmas?
3. Que ten que dicir o Goberno galego ao feito de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que ten perdido, entre xullo de 2010 e 2016, o 8,3 % de funcionarios e funcionarias de seguridade?
4. Está satisfeito o Goberno galego con estes datos?
5. Que vai facer para mudalos?
6. Entende o Goberno galego que todo o anterior redunda na falta de seguridade e na redución do benestar da nosa cidadanía?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:49
Nº Rexistro: 5728
Data envío: 27/02/2017 11:49:46.996

Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 11:46:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 11:46:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 11:46:51

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5795
Data envio: 28/02/2017 11:46:55.742

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A accesibilidade é a calidade de fácil acceso para que calquera persoa, mesmo aquelas que teñan limitacións na mobilidade, na comunicación ou o entendemento, poida chegar a un lugar, obxecto ou servizo.

A accesibilidade universal é aquela condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

Actualmente, deixou de ser sinónimo de supresión de barreiras físicas para adoptar unha dimensión preventiva e ampla, xeneralizable a todo tipo de espazos, produtos e servizos. Por outra banda, trátase dunha variable fundamental para garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades, converténdose paulatinamente nun recoñecemento xeral, como mellora da calidade de vida de todos os cidadáns e cidadás.

A accesibilidade é un dereito da persoa e, como tal, debe ser tratado para conseguir a equiparación de oportunidades. Así mesmo, a persoa ten dereito á autonomía e a mobilidade persoal, como correspondencia ao logro dunha vida plenamente independente. Por último un aspecto fundamental é a normativa, que desde hai uns anos obriga a que todo ben, produto ou contorna sexa accesible para todas as persoas.

A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social entrou en vigor en decembro do 2013 e, entre as súas disposicións, establece unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no ámbito das edificacións que inclúe a esixencia de que os inmobles garantan esas condicións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5795
Data envío: 28/02/2017 11:46:55.742

Asemade, en Galicia, a *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade,* recolle no seu articulado promover a eliminación xeneralizada das barreiras arquitectónicas, especialmente nos edificios e nas instalacións de carácter público, para facilitar o seu uso por parte das persoas que teñen diversidade funcional. De especial importancia é garantir en Galicia o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, xa que segundo o Observatorio Estatal da Discapacidade, debido ao envellecemento da poboación, somos a comunidade con maior taxa de poboación con dificultades relacionadas coa mobilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento, dende a súa entrada en vigor, da Lei 10/2014 de accesibilidade?
2. Que orzamento dedicou o Goberno galego dende a entrada en vigor da Lei de accesibilidade, a que os edificios de titularidade pública ou privada destinados a uso público, se construíran e/ou reformaran de forma que garantan que estes resulten accesibles?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar nos vindeiros exercicios o orzamento dedicado a dar cumprimento aos requisitos de accesibilidade de edificios, establecementos ou instalacións de uso público, recollidos na Lei 10/2014 de accesibilidade?
4. Pode garantir a Xunta de Galicia que na actualidade todos os salóns de actos e salas de espectáculos e locais con asentos fixos dispoñen de asentos convertibles, ben sinalizados e localizables, ao carón do itinerario accesible, para uso das persoas con mobilidade reducida ou con discapacidade sensorial?
5. Dispoñen todos os edificios públicos en Galicia de accesos que garantan a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles facilmente localizables que o comuniquen coa vía pública e coas prazas accesibles de aparcamento?
6. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para dar cumprimento ao relativo ás condicións de accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5795
Data envío: 28/02/2017 11:46:55.742

7. Cal foi o número total de vivendas previstas nos programas anuais de promoción pública reservadas, dende a entrada en vigor da Lei de accesibilidade, para persoas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 11:35:54

María Luisa Pierres López na data 28/02/2017 11:36:00

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 11:36:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:03
Nº Rexistro: 5814
Data envío: 28/02/2017 13:03:38.743

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O barómetro sanitario máis recente publicado polo CIS apunta que o sistema público de saúde de Galicia obtén unha das valoracións máis baixas de toda España. Un dos problemas sinalados pola enquisa, e que se corresponde coa opinión social estendida, é que as esperas para a Atención especializada hospitalaria é un elemento claramente negativo. Así, soamente 3 de cada 20 persoas apuntan que a Atención especializada mellorou nos últimos 5 anos, fronte aos outros 17 que non o afirman.

Os datos oficiais emitidos polo propio Sergas sobre as listas de espera (decembro 2016) apuntan que varios dos servizos de diversas EOXI teñen demoras moi superiores ás establecidas pola Lei de garantías de prestacións sanitarias, elaborada e aprobada polo propio Partido Popular para determinar a acción da Xunta de Galicia en termos de espera, e abrir a porta á derivación cara a sanidade privada cando as esperas superen os criterios marcados.

A pesar de todo isto, os datos oficiais soamente inclúen os das citas xa marcadas, ben sexa para primeira consulta, proba diagnóstica ou cirurxía. Os e as pacientes, non entanto, non reciben sempre no primeiro momento a cita para a súa consulta, proba ou cirurxía. En moitas ocasións reciben a indicación de que serán chamados para fixar esta data, con posterioridade a que a soliciten, normalmente baixo a explicación de que as axendas están pechadas. Este sistema permitiría non incluír estas e estes pacientes para ser contabilizados de cara a emisión de cifras oficiais sobre as listas de espera, o que suporía a existencia de datos enganosos sobre o estado do sistema e das esperas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:03
Nº Rexistro: 5814
Data envío: 28/02/2017 13:03:38.743

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Existen as axendas pechadas no sistema de programación de citas do Sergas?
2. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para primeira consulta?
3. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para proba diagnóstica?
4. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para cirurxía?
5. Por que non son automaticamente axendadas as citas solicitadas polos pacientes nos centros do Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:53:32

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:53:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5820
Data envío: 28/02/2017 13:06:38.181

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 14 de setembro de 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) emitiu unha sentencia pola que considera que a concatenación indefinida de contratos temporais no sector sanitario público de España é contraria ao dereito comunitario. Galicia non é allea a este problema, e xa existe xurisprudencia ao respecto, anterior incluso á resolución do TXUE que falla a favor de traballadores e traballadoras que reclaman a condición estrutural do posto de traballo que ocupan eventualmente. En abril do 2016, o TSXG emitiu unha sentencia que resolvía así a reclamación de traballadores e traballadoras da sanidade galega que ocuparon postos de traballo de maneira eventual continuada durante anos, sinalando que este modo de contratación trataba de ocultar por esa vía fraudulenta, unha contratación indefinida de persoal.

Esta situación non fai máis que pon de relevo a precarización do emprego sanitario en Galicia e no conxunto de España, como consecuencia dos recortes en financiamento e diversas medidas de conxelación do emprego público estable incluídas nas Leis de acompañamento dos orzamentos.

Todo elo ten impedido a correcta reposición e empregadas e empregados públicos que se xubilan. Dita precarización de emprego público ten diversas consecuencias. Dende logo a calidade do emprego é menor para os traballadores e traballadoras, que ven como o seu traballo se trocea en múltiples contratos por horas para tarefas que son permanentes pola súa natureza. Pero dende logo tamén ten consecuencias sobre a calidade de asistencia ás e aos pacientes debido á enorme rotación e discontinuidade dos e das profesionais nos postos de traballo, falta de motivación, de destrezas axeitadas para postos que requiren experiencia e habilidades específicas, ademais do coñecemento do medio e os instrumentos do traballo. Todo el resta eficacia ao desempeño do empregado e empregada, xerando a corto e medio prazo un maior custo para o sistema xa que o funcionamento colectivo do sistema resíntese por elo. Hai que ter en conta,

ademais, os perigos da incerteza e inseguridade das condicións de traballo, que provocan maiores tensións e inquedanzas nos profesionais, e que sumadas aos sobreesforzos realizados pola reducida presenza de máis persoal contribúe a abrir as portas de enfermidades laborais como estrés ou burnout.

Esta situación ten sido xa denunciada polas organizacións sindicais e colexiais españolas en múltiples ocasións. Así, a Organización Médica Colexial española calcula que solo un de cada dous médicos/médicas do Sistema Nacional de Saúde dispón de un contrato de carácter estable e, dos que non o teñen, máis do 40 % traballan en situación de precariedade. Entre os médicos/médica que traballan sen contrato indefinido, a media é de 7 contratos por ano. A situación é similar entre as e os profesionais de enfermería e de outras profesións sanitarias.

A enorme e disparatada concatenación de contratos temporais denunciada polas organizacións sindicais non é senón o reflexo dunha gran bolsa de contratos eventuais estruturais, é dicir prazas de natureza permanente que non dispoñen de praza estrutural recoñecida (prazas sen código). Por elo non basta coa simple reposición de praza recoñecidas, xa limitada ao longo dos últimos anos de goberno do PP polas taxas de reposición impostas ás comunidades autónomas, que chegou a estar apenas no 10 % nas OPE ata 2015, senón que requiren dun esforzo de recoñecemento de prazas estruturais que solo os servizos autonómicos de saúde poden realizar en función da súa propia planificación e organización dos servizos asistenciais.

Recentemente, na primeira metade do mes de febreiro, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia anunciou unha OPE de 820 prazas que, no caso de que desaparecera a taxa de reposición tal e como demandan os colectivos sindicais, se duplicaría. Non entanto, o presidente da Xunta de Galicia anunciou en Pleno o 23 de febreiro a condición imposta de que foran aprobados os orzamentos estatais para dar vía libre a esa OPE autonómica. Tal vinculación supón un condicionante impropio para unha situación político-laboral como a existente e un chantaxe inaceptable, pois o escenario para a sanidade galega non precisa e ser utilizado como arma para negociacións doura índole.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:06
Nº Rexistro: 5820
Data envío: 28/02/2017 13:06:38.181

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten o Goberno galego previsto tomar medidas propias para paliar os problemas de persoal na sanidade galega dado que é unha competencia autonómica?
2. Vai reclamar a Xunta de Galicia ao Goberno de España a eliminación da taxa de reposición para a contratación de persoal?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia convocar unha OPE con 1600 prazas no eido sanitario para o ano 2017?
4. Prevé a Xunta de Galicia establecer algún plan de medidas a medio e longo prazo para afrontar o problema do déficit e precarización do emprego sanitario?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:53:07

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:53:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5860
Data envío: 01/03/2017 13:47:59.091

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O sistema público de saúde vén sufrindo nos últimos 8 anos unha saturación de recortes en recursos persoais e materiais que, como se vén advertindo continuamente, redunda nun déficit asistencial por non ter capacidade de atender correctamente a todas as demandas coa maior calidade posible.

A pesar desto, o Sergas segue mantendo algún servizo que non sofre estes recortes, como é a existencia de capeláns e espazos relixiosos católicos dentro dos centros hospitalarios. A dificultade para obter datos oficiais ao respecto impide facer un estudio preciso, pero se calculan 45 capeláns dentro da rede de hospitais, que lle supoñen á Consellería de Sanidade máis de 700.000 euros anuais para cubrir un servizo que corresponde ao ámbito persoal e privado.

Dende sempre, a apelación as tradicións e costumes serviu para continuar con este servizo, pero a actualidade de necesidade de axustar os recursos, así como a maior facilidade das persoas para verse atendidas polas distintas relixións que desexen profesar u practicar, e a condición aconfesional de España, fan innecesario este gasto directo por parte da consellería.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos cartos de orzamentos públicos destinou a Consellería de Sanidade a financiar servizos relixiosos nos centros sanitarios públicos no ano 2016?
2. Ten previsto o Goberno galego modificar esta situación retirando os servizos relixiosos existentes nos centros hospitalarios e deixando esta atención dentro do ámbito persoal e privado?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5860
Data envío: 01/03/2017 13:47:59.091

3. Considera o Goberno galego que o financiamento de servizos relixiosos nos hospitais da rede pública é consecuente coa condición aconfesional de España?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:12:41

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:12:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 5866
Data envío: 01/03/2017 13:49:23.810

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Un dos problemas máis sinalados polas profesionais e polos profesionais sanitarios é a falta de suficientes recursos humanos para atender as demandas asistenciais da poboación galega. Así, as demandas sobre a eliminación da taxa de reposición do persoal, así como os déficits de profesionais que provocan perda de calidade asistencial, son un dos debates máis frecuentes sobre a situación laboral do sistema sanitario público.

No que corresponde especificamente aos médicos e médicas, Galicia ten formado nos últimos 8 anos máis de 2500 titulados e tituladas MIR. De estes, segundo os datos da propia Consellería de Sanidade e da Consellería de Facenda a través dos orzamentos, so foron contratados e contratadas de maneira estable 322 (165 en Atención Primaria e 157 en Atención especializada). Estes datos amosan dous problemas fundamentais. O primeiro, en termos de calidade da asistencia sanitaria, que apunta a un limitado proceso de incorporación de profesionais que redunda na dificultade para manter ou elevar a calidade asistencial como sinalan os colectivos profesionais. En segundo lugar, amósase un problema de desaxuste en termos de planificación e de balance no investimento en formación fronte á perda de produtividade ao non reinsertar no sistema aos formados.

No que respecta ao primeiro dos problemas sinalados, os titulados e tituladas MIR en Galicia terminan por permanecer de maneira inestable cubrindo postos eventuais en torno ao sistema sanitario, ou ben por marchar fóra, principalmente a Reino Unido e Portugal, onde son valorados polo seu nivel formativo. En menor medida tamén se atopan presentes algúns repetindo o propio MIR para volver a ter oportunidades e continuar a súa vinculación co sistema.

En relación ao segundo problema, o malgasto ineficiente de recursos que se produce ao investir en formación universitaria de primeira calidade para os

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

médicos e médicas, pero logo perder a súa capacidade produtiva porque estean traballando fóra cando xa están formados, resulta un buraco que é necesario estimar para coñecer o impacto real da mala planificación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que opinión lle merece ao Goberno de Galicia a errática planificación da incorporación ao mercado laboral dos MIR formados e formadas na nosa Comunidade Autónoma?
2. Ten o Goberno galego información concreta sobre o número de titulados e tituladas MIR que se atopan traballando de maneira eventual no sistema público de saúde?
3. Cantos contratos eventuais de médicos se realizaron no ano 2016 no Sergas? Cantas persoas diferentes foron contratadas mediante este procedemento ao longo do 2016?
4. Cantos médicos e médicas foron incorporadas como estatutarios no ano 2016 ao Sergas?
5. Canto estima o Goberno galego que custa, en termos económicos, formar a un titulado/titualda MIR en Galicia?
6. Ten unha estimación o Goberno galego de cantos titulados/tituladas MIR en Galicia dos últimos 5 anos nunca foron contratados de ningunha maneira no Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:15:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 5866
Data envío: 01/03/2017 13:49:23.810

Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:15:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5872
Data envío: 01/03/2017 13:54:51.513

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e **Raúl Fernández Fernández**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Atendendo as advertencias de entidades como a Organización Mundial da Saúde, IRPA (International Radiation Protection Association) ou a propia Comunidade Europea na súa directiva do 21 de febreiro de 1990 (EURATOM, 1990), a inhalación de gas radón constitúe un risco para a saúde ao aumentar o risco de contraer cancro pulmonar, situándose como segunda causa de contracción desta enfermidade detrás do tabaco.

Estas últimas décadas recolléronse, na normativa de salubridade de distintos países, as sucesivas recomendacións emanadas de investigacións sobre os efectos na saúde que supón respirar en espazos pechados con presenza de gas radón.

Nese senso, o sector da edificación debe formular sistemas de protección que garantan que, a inmisión do gas ao interior dos espazos habitados, non supere os límites de concentración recomendados.

O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja, a instancias do Consello de Seguridade Nuclear, desenrolou investigacións para sentar as bases normativas destinadas a protexer ás persoas usuarias de edificios de concentracións excesivas de gas radón.

O denominador común destas normativas é a asignación de niveis límite de concentración de radón (Comisión de Comunidades Europeas, EURATOM, 1990)< 200 Bq/m³ para vivendas de nova construción e < 400 Bq/m³ para vivendas construídas, así como a intervención con solucións construtivas que reduzan ditas concentracións por debaixo dos límites seguros. En xeral contemplan ámbitos de aplicación ben relacionados coas condicións que deben cumprir os espazos destinados a postos de traballo ou ben espazos residenciais. En particular, no referente a espazos residenciais, as condicións de salubridade na edificación para España, están recollidas

no Código Técnico da Edificación (CTE) derivado da Lei de Ordenación da Edificación (LOE). Na actualidade, esta normativa **non contempla** a protección dos usuarios dos edificios fronte ao risco de habitar con excesiva concentración de gas radón en espazos cerrados.

Durante a fase de redacción do Código, o Consello de Seguridade Nuclear de España (CSN), presentou unha proposta de inclusión dun capítulo que incluíse **medidas de protección fronte a entrada de radón en edificios de nova construción,** baseada nos límites de concentración de radón aceptables propostos pola Comisión Europea.

Nesta primeira versión do Código xa aprobada, o ministerio non creu oportuno incluír aspectos relativos a protección fronte ao gas radón. Un dos argumentos para non facelo foi o de evitar unha percepción de risco na sociedade naquelas vivendas que xa estaban construídas e para as que non se tiñan datos no momento de aprobación do código de medidas correctoras probadas. Por este motivo creuse oportuna a presentación dun proxecto de investigación que se realizou baixo o amparo e subvención do Consello de Seguridade Nuclear.

No 2011 se constatou a tal fin no **"Estudio da viabilidade e a efectividade das accións de remedio fronte á presenza de gas radón nos edificios existentes"**, e mediante diversas experiencias cun módulo experimental, a idoneidade de diferentes medidas de prevención, no caso de construcións novas e de redución de emisións no caso das xa construídas.

Nas medidas baralladas de mellora do comportamento das edificacións respecto ó gas radón se contempla:

- O emprego de forxados sanitarios ventilados, de xeito natural ou preferiblemente forzado.
- A introdución de barreiras ou láminas impermeables que se interpoñan ao paso do gas.

Publicáronse polo tanto unhas conclusións que falan da efectividade das solucións e da redución e control das emisións de radón case na súa totalidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5872
Data envío: 01/03/2017 13:54:51.513

En Galicia, **unhas 42 (das 53) comarcas galegas presentan un risco alto de concentración de radón.** Son as provincias de Pontevedra e Ourense as máis expostas de toda España, con cifras do 21 % e 32 % respectivamente de vivendas que sobrepasan os 200 Bequerelios máximos recomendados.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas poida ter esta especial presenza de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É o Goberno galego coñecedor da existencia destas concentracións elevadas de gas radón no territorio galego?
2. Considera que é unha situación sobre a que é necesario tomar medidas inmediatas?
3. Non considera un erro a eliminación da exixencia de forxados sanitarios ventilados en vivendas de nova construción que xa contemplaban as Normas do Hábitat Galego do ano 2007?
4. Ten pensado recuperar esta medida e introducila nas Normas de Habitabilidade de Galicia?
5. Contempla favorecer a redución das concentracións de gas radón en vivendas ou edificacións públicas xa construídas co fomento de axudas á rehabilitación que favorezan a incorporación de medidas correctoras da incidencia deste gas?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 01/03/2017 13:51:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:54
Nº Rexistro: 5872
Data envio: 01/03/2017 13:54:51.513

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:51:58

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:52:02

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2017 13:52:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5878
Data envio: 01/03/2017 14:02:22.278

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A cooperación ao desenvolvemento debe ser unha das ferramentas de solidariedade humana que permitan axudar ao desenvolvemento daquelas sociedades que polas súas especiais circunstancias sociais, económicas, políticas ou bélicas precisan da axuda externa para garantir os dereitos inalienables que temos todos os seres humanos.

Os socialistas consideramos que o enfoque da cooperación exterior ao desenvolvemento debe ser dende criterios de urxencia, impulsando tamén os eixes tradicionais de actuación da cooperación galega, como os recollidos nos seus plans de acción, ou como en casos concretos, o apoio ao desenvolvemento do pobo saharauí.

Neste marco, "Vacacións en Paz" é un proxecto de acollida temporal de nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto, que en Galicia desenvolve Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS).

Galicia vén participando nesta iniciativa solidaria dende o ano 1991, ofrecendo ás familias saharauís a posibilidade de que as súas fillas e fillos gocen dunha estancia agradable, humana e culturalmente rica, baixo a supervisión e os coidados das familias acolledoras galegas. Este programa de estancia de nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias galegas, se leva a cabo grazas á colaboración económica da Xunta de Galicia, e o apoio dos concellos.

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada, trátase de ofrecerlles a estas nenas e nenos nados no medio dun clima de guerra e sometidos as súas dúbidas, unha posibilidade de coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os pobos de España e o Pobo Saharauí.

A vida destes nenos/nenas, nacidos no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharauí, privada do máis elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, España representa algo especial para os saharauís polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os saharauís pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

Teñen existido numerosas trabas interferiron no bo desenvolvemento da chegada dos e das menores. O Acordo do Consello de Ministros que aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores no noso país no marco do Programa "Vacaciones en Paz", que en anos anteriores se viña adoptando a primeiros de xuño, no ano 2016 cerrouse o día 10, e ademais dilatou a publicación da correspondente Resolución da Secretaría General de Inmigración e Emigración no BOE, ata o 18 de xuño, cando había voos que tiñan a súa chegada prevista ao noso país para o día 20. A elo se uniu o retraso na xestión provocado por algunhas delegacións do Goberno que, no último momento, pediron documentación das familias que, en algúns casos, xa obraba no poder da administración, e en outros, tratábase de documentación nova , imposible de recompilar en solo unhas horas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego do Programa "Vacacións en Paz"?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar durante esta X lexislatura o orzamento dedicado ao Programa "Vacacións en Paz"?
3. Vai manter o Goberno galego durante esta lexislatura, o apoio institucional a este programa?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5878
Data envio: 01/03/2017 14:02:22.278

4. Mantén a Xunta de Galicia contacto co Goberno de España para axilizar e facilitar os trámites necesarios para a autorización da residencia temporal de menores no marco do programa "Vacacións en Paz"?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:56:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:56:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/03/2017 13:56:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2017 13:56:45

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5882
Data envio: 01/03/2017 16:10:48.425

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación,** en relación á elaboración da "Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050".

Na comparecencia en Pleno da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciouse a elaboración da "Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050".

Nesa intervención salientou que será unha folla de ruta que incorporará a consideración do cambio climático na xestión territorial e que levará aparellada a elaboración dun mapa de coñecemento en cambio climático, permitirá identificar a todos os axentes implicados nesta loita e definir as liñas de actuación en observación, mitigación e adaptación ao fenómeno.

Defendeu a economía circular como "única opción de futuro", polo que se debe traballar para converter os residuos en recursos e fomentar un consumo que esgote o ciclo de vida dos produtos, e anunciou medidas para o cálculo da pegada ecolóxica para medir o impacto das medidas adoptadas ou de medidas para a conservación do Patrimonio natural ou a creación do Centro Tecnolóxico de Medio Ambiente.

Politicamente é especialmente salientable que un goberno que leva dende 2009 no pode comezar no ano 2017 a dar pasos para contar cunha estratexia para loitar contra un dos principais problemas aos que se enfronta a humanidade, e que ten moito que ver co modelo económico e de organización territorial que un país quere desenvolver.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5882
Data envío: 01/03/2017 16:10:48.425

Aínda que o goberno chega tarde, queremos resaltar que nós sempre defendemos a priorización da loita contra o cambio climático e a necesidade de ter unha acción transversal de todo o goberno e administracións.

O que teremos que comprobar e si chegará a ser algo máis que publicidade e propaganda, e se ten intención de atallar as causas principais do quecemento global causados en Galiza.

Os principais causantes de gases de efecto invernadoiro son os producidos polo transporte, a industria, a deficiente xestión dos residuos e o sistema de distribución alimentario. Polo que non haberá unha estratexia verdadeiramente efectiva sen aportar medidas nestes sectores.

Por outra banda aprécianse liñas políticas desenvolvidas polo Goberno do PP, nos últimos anos, contraditorias co que agora se di querer defender, que van en contra da sustentabilidade e da chamada economía circular, como poden ser a política da xestión do lixo, a política industrial, medioambiental e do modelo agroalimentario.

Non se coñece aínda o método para garantir a participación social e política nin os prazos de desenvolvemento de dito proceso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación :

1) Como será o proceso de elaboración da estratexia galega de loita contra o cambio climático?

2) En que prazo se prevé o seu remate?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5882
Data envío: 01/03/2017 16:10:48.425

3) Considera que as políticas desenvolvidas nos últimos anos polo Goberno da Xunta de Galicia son contraditorias co obxectivo da loita contra o cambio climático?

4) Considera que a priorización da loita contra o cambio climático terá que provocar cambios profundos no modelo de infraestruturas, de transporte, da xestión dos residuos ou no agroalimentario?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/03/2017 16:10:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:44
Nº Rexistro: 5960
Data envío: 02/03/2017 13:44:28.525

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse na nosa Comunidade Autónoma 52 mortes en accidentes de traballo. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro deste 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles considerados graves.

Galicia soporta un índice de mortandade no traballo moi superior ao do conxunto do Estado. Esta realidade contrasta co feito de que na nosa Comunidade Autónoma se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 foron un total de 24.411, ao redor do 5 % dos rexistrados no conxunto de España (449.223). Pola contra, as mortes superaron amplamente o 10 % do total (57 de 500).

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores. O Grupo Parlamentario Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

A través dos medios de comunicación coñecíamos que o pasado día 27 de febreiro, unha operaria da subcontrata UTE Valtavia, que realizaba as súas funcións na planta de tratamento de residuos de Sogama, situada en Cerceda, falecía a causa dun accidente de traballo tras quedar atrapada nunha máquina de tratamento de residuos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:44
Nº Rexistro: 5960
Data envío: 02/03/2017 13:44:28.525

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que a planta de tratamento de Sogama situada en Cerceda, cumpre con toda a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais?
2. Reciben os traballadores e traballadoras así como os seus representantes unha formación e información axeitadas sobre os riscos derivados da utilización dos equipos de traballo, así como sobre as medidas de prevención e protección?
3. Cumpren todos e cada un dos equipos de traballo da planta de tratamento de residuos de Sogama o *Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo*?
4. Con que periodicidade se fan inspeccións de seguridade nas instalacións da planta de tratamento de Sogama?
5. De que data é a derradeira inspección de seguridade previa ao accidente referido na exposición de motivos da iniciativa?
6. Cales foron as deficiencias que se detectaron nesa inspección?
7. Foron corrixidas ditas deficiencias?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 13:40:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 13:41:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:44
Nº Rexistro: 5960
Data envio: 02/03/2017 13:44:28.525

Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 13:41:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 5973
Data envío: 02/03/2017 16:58:57.791

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos derradeiros anos producíronse importantes avances que contribuíron a unha mellora da situación social da poboación xitana, e das súas condicións de vida.

No ámbito da participación destaca a creación no ano 2005 do Consello Estatal do Pobo Xitano. Respecto do recoñecemento da súa cultura e a posta en valor da súa contribución á cultura española cabe citar a posta en marcha da Fundación Instituto de Cultura Xitana no ano 2007. Tamén en 2007 creouse o Consello para a Promoción da Igualdade de Trato e non Discriminación das Persoas pola Orixe Racial ou Étnica, en cuxo seo se atopan representadas asociacións de defensa dos intereses da comunidade xitana.

En 2010 o Goberno de España aprobou o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012.

O 5 de abril de 2011 a Comisión Europea publicou a Comunicación sobre o Marco da Unión Europea (UE) para as Estratexias Nacionais de Inclusión da Poboación Xitana ata 2020, no que establece por primeira vez un marco común para o desenvolvemento de medidas e políticas no ámbito nacional a partir de enfoques, obxectivos e ámbitos de traballo compartidos por todos os Estados membros da UE. Este novo marco europeo obrigaba a todos os Estados membros a presentar as súas propias Estratexias Nacionais para cumprir con obxectivos comúns. Tendo como antecedente o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012, o 2 de marzo de 2012 aprobouse a 'Estratexia para a inclusión da poboación xitana en España 2012-2020'. Esta estratexia debía ser a folla de ruta definitiva para avanzar na inclusión social da poboación xitana e reducir as diferenzas e desigualdades que aínda hoxe se manteñen co resto da cidadanía.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 5973
Data envío: 02/03/2017 16:58:57.791

Asemade na nosa Comunidade Autónoma, na Estratexia de Inclusión Social de Galicia enmárcase a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, que complementa ditas accións coas actuacións dirixidas á poboación xitana de maneira específica. Do mesmo xeito que a estatal, a estratexia contempla 6 ámbitos de intervención: educación, emprego, vivenda, saúde, servizos sociais e participación e imaxe social, e hai unha previsión de desenvolver mediante plans bianuais que perrmitan facer unha avaliación continúa das actuacións previstas na mesma.

No período 2007-2013, a causa do contexto de crise económica, o desemprego da poboación xitana española incrementouse un 22,6 %, a salarización diminuíu máis do 10 % e a taxa de traballadores/as autónomos/as incrementouse en 11 puntos. Por outra banda, Galicia segue a rexistrar unha das máis altas taxas de chabolismo da poboación xitana en España, ao situarse 18 puntos por riba da media nacional. Ademais, a desvantaxe educativa da poboación xitana en Galicia é moi grande: só un 11 % dela completou educación secundaria ou superior mentres que neste caso se atopa o 58 % da poboación galega maior de 15 anos. E as mulleres xitanas experimentan máis dificultades para proseguir os estudos. É importante destacar tamén, respecto da saúde, que a poboación xitana se estima que ten unha esperanza de vida entre 10 e 20 anos por debaixo da establecida para o conxunto da poboación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego elaborar durante este ano, a Estratexia galega de apoio á poboación xitana?
2. En caso afirmativo, cales serán os principais eixos estratéxicos de dito documento?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas e, de xeito especial o número de alumnos/as que completan a Educación Primaria e Secundaria?
4. Como ten previsto o Goberno galego erradicar o chabolismo e a infravivenda na nosa comunidade?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 5973
Data envío: 02/03/2017 16:58:57.791

5. Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a saúde dunha forma integral para mellorar as condicións e reducir as desigualdades da poboación xitana?
6. Que medidas ten previsto implementar o Goberno galego para traballar sobre os atrancos que limitan o acceso e participación no emprego e mellorar as condicións laborais da poboación xitana?
7. Como vai a Xunta de Galicia a previr a marxinación e promover a inclusión social da poboación xitana, para evitar a reprodución xeracional da pobreza?
8. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para garantir a efectiva igualdade de oportunidades da poboación xitana?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 5973
Data envío: 02/03/2017 16:58:57.791

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/03/2017 16:54:22

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 16:54:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:16
Nº Rexistro: 5980
Data envío: 02/03/2017 17:16:00.869

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 16 de febreiro, por unanimidade, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Donostia en relación con varios artigos da Norma Foral 16/1989, do 5 de xullo, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do territorio histórico de Guipúzcoa.

A Norma cuestionada establece un imposto sobre a plusvalía dos terreos de natureza urbana que se devenga no momento da venta e que se calcula de forma obxectiva a partir do valor catastral e dos anos de tenencia do terreo (entre un mínimo de un e un máximo de vinte), con independencia do verdadeiro resultado económico da operación.

O Tribunal Constitucional considera contrario ao principio de capacidade económica previsto no artigo 31.1 da Constitución española tributar cando a venta do inmoble non ten proporcionado ganancias, algo que ten sucedido de forma frecuente nos últimos anos, como consecuencia da crise.

A resolución determina que *"en ningún caso poderá o lexislador establecer un tributo tomando en consideración actos ou feitos que non sexan expoñentes dunha riqueza real ou potencial"*. É dicir, o Constitucional considera inconstitucionais os impostos que afecten a *"aqueles supostos nos que a capacidade económica gravada polo tributo sexa, non xa potencial, senón inexistente, virtual ou ficticia"*. Polo que se está sometendo a tributación situacións de feito que non expresan a capacidade económica, ou que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que a Constitución garante no artigo 31.1.

Indica tamén o Tribunal Constitucional, que corresponde ao lexislador, a partir da publicación da sentenza, facer as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:16
Nº Rexistro: 5980
Data envío: 02/03/2017 17:16:00.869

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O fallo estima parcialmente unha cuestión de Inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Donostia en relación con varios artigos dunha norma foral que regula a plusvalía no Territorio Histórico de Guipúzcoa, pero, cabe esperar que o Tribunal se pronuncie proximamente no mesmo sentido respecto da normativa estatal, cuxa redacción é idéntica, anulando e declarando a inconstitucionalidade en termos similares dos artigos 107.1, 107.2.a) y 110.4 da Lei reguladora das facendas Locais, aprobada por el Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao estar pendente de fallo a cuestión formulada por un xulgado de Madrid en auto do 15 de decembro de 2015.

Polo que se fai necesario revisar e analizar os procedementos iniciados ou pendentes de iniciar por aqueles contribuíntes que teñan transmitido inmobles urbanos xerando unha minusvalía nos últimos anos, e que teñan impugnado (ou vaian impugnar) a liquidación do IIVTNU correspondente.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego, de acordo con concellos, levar a cabo as adaptacións necesarias da normativa estatal para evitar a aplicación automática do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), polos efectos negativos que este produce nas arcas dos concellos?

2ª) Ten previsto o Goberno galego facer as xestións necesarias perante o Goberno central para que leve a cabo unha reforma global do financiamento local, que permita que a forma de cálculo da cota tributaria reflicta de maneira fiel o incremento real do valor dos terreos, de ser o caso, cales son as súas propostas?

3ª) Que medidas ten previsto levar a cabo para atender as reclamacións dos contribuíntes co fin de evitar a xudicialización dos procedementos?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:14:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2017 17:14:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:16
Nº Rexistro: 5980
Data envio: 02/03/2017 17:16:00.869

Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:14:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:14:42

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:37
Nº Rexistro: 5993
Data envío: 02/03/2017 17:37:32.416

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia, hai órganos xudiciais que están a ter problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación instalado dentro das salas de vistas para documentar, tanto en audio como en vídeo, todas as sesións.

A Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra é un deses órganos xudiciais con problemas, que o día 23 de febreiro deixou de gravar a seis testemuñas dun xuízo, polo que non quedaron nin audio nin vídeo que gardasen o acontecido na sala porque, dende a posta en marcha destes sistemas de gravación, os letrados/letradas da Administración de Xustiza xa só levantan actas concisas, sendo acta a propia gravación. Nesta sección (que ten un merecido recoñecemento do CGPJ por ser a Sección Penal de Audiencia Provincial máis eficiente de España), o extremo destas complicacións está nas dúas sentenzas pendentes de se ditar por non poder gravar ningunha parte dos xuízos correspondentes.

Solucionar estes problemas técnicos e as dificultades co sistema de videoconferencia é responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento o Goberno galego de que hai órganos xudiciais que están a ter problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos?
2. Cantas incidencias deste tipo ten AMTEGA rexistradas en Galicia nos anos 2016 e 2017?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Que está a facer o Goberno galego para solucionar definitivamente estes problemas?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:32:20

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:32:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:32:32

María Luisa Pierres López na data 02/03/2017 17:32:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6000
Data envío: 02/03/2017 17:46:30.572

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nalgúns xulgados da Comunidade Autónoma de Galicia non hai espazo nin persoal técnico especializado en expurgos para os arquivos e os documentos están esparexidos polo chan, almacenados en andeis, en mesas e en sitios de paso. É o caso, por exemplo, dos xulgados de A Parda (Pontevedra):

1. Non hai persoal especializado; nestes momentos, hai só unha persoa (bolseira) encargada dos labores de expurgo en todo o edificio.
2. Nos Xulgados de Primeira Instancia nº 2 e 5, as caixas moran debaixo das mesas dos traballadores e traballadoras e ata se ten habilitado un cuarto aparte para gardar a documentación.
3. E os letrados/letradas da Administración de Xustiza (os/as antigos/antigas secretarios/secretarias) non poden garantir así a seguridade no tratamento dos documentos.

Existe un Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de Modernización dos Arquivos Xudiciais, no que se establecen criterios para ordenar os documentos e onde se recolle expresamente a necesidade de locais axeitados para toda a documentación (escrita e dixital). Incluso o vicepresidente da Xunta de Galicia fai gala sempre que pode do expurgo que se está a facer, non só en Pontevedra, senón tamén en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Estase a cumprir o Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6000
Data envio: 02/03/2017 17:46:30.572

2. Ten coñecemento o Goberno galego da situación que existe nos Xulgados de A Parda (Pontevedra), con relación os labores de expurgo e almacenaxe de documentación, escrita e dixital?
3. Entende o Goberno galego que esta situación é a óptima?
4. Pensa o Goberno galego que esta situación permite aos/ás letrados/letradas da Administración de Xustiza garantir a seguridade no tratamento dos documentos?
5. Está satisfeito o Goberno galego co expurgo que se está a facer en todos os xulgados de Galicia?
6. Cales son os resultados deste expurgo?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:39:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:40:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:40:07

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727